

Programación Xeral Anual
Cpi de Cervantes 2023/24

DATOS XERAIS DO CENTRO:

Tipo de centro..... Centro Público Integrado

Denominación oficial..... Cpi de Cervantes

Código do centro..... 27002353

Provincia..... Lugo

Enderezo..... Rúa dos Colexios s/n

Código Postal..... 27664

Teléfono e fax..... 982 828940-41--42

N.I.F..... Q7755241B

Correo electrónico cpi.cervantes@edu.xunta.gal

Web <http://centros.edu.xunta.es/cpicervantes/>

Número de unidades:

Número de unidades:	E. Inf.	E.Prim.	E.S.O.
Catalogadas	0	2	4
Funcionando	1	2	3

Órgano de participación no control e xestión

O CONSELLO ESCOLAR

Cargo	Nome e apelidos	Data de renovación
Presidente:	Pablo Gómez Esqueira	
Repres. Profesorado	Sara Pereira Costa	
	Pedro Luís Rodríguez Varela	
	Óscar Sánchez Díaz (secretario)	
Repres. Pais/nais a.	Laura Pallarés Cerezuela	
Repres. Concello	Luís Alonso Álvarez	
Repres. Alumnos/as	Natalia Méndez Trabado	

Calendario de reunións

Consello Escolar: trimestral.

Claustro de Profesores: trimestral. Tres ó principio de curso e dous ao final de curso

Comisión de coordinación Pedagóxica: trimestral. Formará parte do Claustro.

Equipos de docentes de E. Primaria: mensual

Equipo de dinamización da Lingua Galega : trimestral

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: trimestral

Comisión Proxecto Lingüístico: anual

Comisión de Benestar e Convivencia: trimestral

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA que formará parte do CLAUSTRO

Director: Pablo Gómez Esqueira

Xefatura estudos ESO: M^aJesús Gil Castro

Xefatura estudos Primaria: Rubén Ceide Martínez

Coordinadoras Educación Primaria

-E.Infantil e 1º: Verónica Fernández Vázquez (c) Rubén Ceide Martínez

-2º e 3º: Rubén Ceide Martínez (c) María José Díaz Balboa

-5º-6º E.Primaria: Rocío Vilar Arias (c) Pablo Gómez Esqueira

Xefes de departamento ESO

M^a Jesús Gil Castro, Lorena Carreño Recarey, Sergio López Vázquez, Patricia Lorenzo Fernández, María Isabel Pena Bonome, M^a Sabela Pérez Martínez, Sara Noelia Pereira Costa, Alberto Rodríguez González, Pedro Luis Rodríguez Varela, Óscar Sánchez Díaz.

COMISIÓN DE ELABORACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Coordinadora: (Xefe Dpto.L.Galega)	M ^a Sabela Pérez Martínez
Xefe de Departamento de Inglés	M ^a Isabel Pena Bonome
Xefe de Departamento de Francés	Patricia Lorenzo Fernández
Xefa de Departamento L.C	M ^a Jesús Gil Castro
Xefe de Estudos ESO	M ^a Jesús Gil Castro
Director	Pablo Gómez Esqueira

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

-Xefe do Departamento:	Lorena Carreño Recarey
-C.E.Docentes Inf./Primaria:	Rubén Ceide Martínez Rocío Vilar Arias Verónica Fernández Vázquez Pablo Gómez Esqueira
-Xefe Dpto C.T ESO	Sara Noelia Pereira Costa
-Xefe Dpto L.C. ESO	M ^a Jesús Gil Castro
-Pedagogía Terapéutica	María José Díaz Balboa

OBSERVATORIO DE BENESTAR E CONVIVENCIA

-Coordinador	Sergio López Vázquez
-Director	Pablo Gómez Esqueira
-Representante do profesorado:	Sara Noelia Pereira Costa Pedro Luis Rodríguez Varela
-Orientación	Lorena Carreño Recarey
-Representante dos alumnos	Natalia Méndez Trabado
-Representante das familias	Laura Pallarés Cerezuela
-Representante persoal non docente	Iván Rivas Mato

Responsable de Formación do Profesorado

-Sergio López Vázquez

Responsable do Plan de Igualdade

-Pablo Gómez Esqueira

DOCUMENTO Nº 1: PLAN ANUAL:

Obxectivos de organización e xestión

- Adaptar o modelo á situación actual.
- Elaboración programación xeral anual e programación de aula de acordo ás directrices LOMCE e ó contexto epidemiolóxico actual.
- Continuar mellorando o proceso de informatización, documentación e xestión dos alumnos.
- Aplicación Programacións aula LOMCE.
- Continuar remodelación e actualización da biblioteca do centro.

Actividades previstas para acadar os obxectivos propostos

- Maior dotación Tic, formación e coordinación.
- Reunións dos órganos de Coordinación Pedagóxica.
- Reunións do Claustro de Profesores e Consello Escolar do centro.
- Reunións pais/nais alumnos.
- Coordinación co Departamento de Orientación.

Recursos dispoñibles

- Persoal docente destinado no centro.
- Departamento de Orientación.
- Equipo Directivo

DOCUMENTO Nº 2: HORARIO XERAL DO CENTRO

Horario lectivo do centro ESO

<u>HORARIO LECTIVO</u>	<u>DE MAÑÁ</u>	<u>DE TARDE</u>
<u>Luns</u>	10,00 a 13,30	14,10 a 16,15
<u>Martes</u>	10,00 a 13,30	14,10 a 16,15
<u>Mércores</u>	10,00 a 13,30	14,35 a 16,15
<u>Xoves</u>	10,00 a 13,30	<u>14,10 a 16,15</u>
<u>Venres</u>	10,00 a 13,30	14,10 a 16,15

Horario lectivo de E. Infantil e Primaria:

<u>HORARIO LECTIVO</u>	<u>DE MAÑÁ</u>	<u>DE TARDE</u>
<u>Luns</u>	10,00 a 13,50	14,35 a 16,15
<u>Martes</u>	10,00 a 13,50	14,35 a 16,15
<u>Mércores</u>	10,00 a 13,50	14,35 a 16,15
<u>Xoves</u>	10,00 a 13,50	14,35 a 16,15
<u>Venres</u>	10,00 a 13,50	14,35 a 16,15

Horario do tempo de lecer (1)

Horario de lecer	ESO	PRIMARIA	
	11:40 a 11:45 (L-M) 11:40 a 12:10 (M-X-V)	11,40 a 12,10	
	14:15-14:35 (Xantar L-M) 13:50-14:35 (Xantar M-X-V)	13, 50 a 14,35 15, 25 a 16,15 (Xantar-Tempo lecer)	

Horario de dispoñibilidade para os alumnos/as dos servizos e instalacións do centro

Horario servizos para alumnos/as	Pola mañá 10:00 a 13:50	Pola tarde 14:35 a 16:15

*As instalacións non estarán dispoñibles durante o horario de comedor, segundo a etapa educativa.

Horario no que o centro permanecerá aberto a disposición da comunidade educativa

Horario apertura á comunidade	Pola mañá 9,30 a 13:50	Pola tarde 14:35 a 16,30
--------------------------------------	----------------------------------	------------------------------------

*Segundo a demanda establecerase outro horario.

Horario de verán

Horario apertura á comunidade	Pola mañá 9:00 a 15:00	Pola tarde -
--------------------------------------	----------------------------------	------------------------

i. Datas non lectivas :

-13 de outubro de 2023 (festivo local)

-20 de maio de 2024 (Consello Escolar-Aut.X.T.)

3.DOCUMENTO N° 3: ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Transporte escolar:

Ruta nº	Alumnos	Quilómetros	Tempo	Empresa
1	12	59,15		UTE XG730 Glez. de...
2	5	39,10		UTE XG730 Glez. de...
3	2	10,18		UTE XG730 Glez. de...
4	5	14,26		UTE XG730 Glez. de...
5	4	9,60		UTE XG730 Glez. de...
6	0	9,60		UTE XG730 Glez. de...
7	1	7,61	Enlaza con ruta 6	UTE XG730 Glez. de...
8	3	9,43	Enlaza con ruta 1	UTE XG730 Glez. de...

Comedor escolar:

Datos xerais

Tipo de comedor (A,B,C,D,E..)	A
Tipo de xestión (Xestión propia, catering, etc.)	Xestión Propia
Alumnos que fan uso do servizo	30
Alumnos que reciben axuda	27
Importe da axuda	*Curso 23/24 ESO:2,92 € Primaria:2,76 €
Achega das familias	0 €/mes
Alumnos sen axuda	
Importe da achega destes alumnos	4,5 €

Outros comensais	8
Total comensais	38

Persoal que intervén no servicio

Encargado/a	1
Persoal laboral: 1 auxiliar 2º de cociña	
Cociñeiro:	1
Persoal colaborador:	8

4.-DOCUMENTO N° 4: DOC

5.-DOCUMENTO Nº 5: PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

<p>INFANTIL e 1º CURSO PRIMARIA</p>	<p>XIV día da Ciencia en Galego (Novembro).</p> <p>20 de Xaneiro Día dos Pingüíns. Participaremos na campaña gratuita de apadriñamento de pingüíns da “Campaña Antártica” (Ministerio de defensa).</p> <p>Día da Familia 15 de Maio (actividades conxuntas coas familias e/ou realización dun agasallo para gozar en familia).</p> <p>Día de Elmer 25 de Maio</p> <p>Día da Arte Galega na Escola (Xuño, aínda que xa realizaremos miniproxectos de arte ao longo do curso).</p> <p>Actividades intercentros (como poden caixas viaxeiras, envío de postais polo nadal...)</p> <p>Saídas e Visitas (polo menos 1 por trimestre se é posible)</p> <p>Participación nas celebracións organizadas para todo o centro: Samaín/Magosto, Entroido, Día das Bibliotecas, Día de Rosalía, Día da Paz, Letras Galegas, Semana da Prensa, Día do Libro...)</p>
--	--

PRIMARIA	2º e 3º CURSO	<p>Saída no 3º trimestre a actividade de piragüismo no Club Fluvial de Lugo (según disponibilidad)</p> <p>Saídas pendentes do curso pasado a realizar no 1º trimestre (Roteiro Portomarín - O misterio de...) e viaxe a Piornedo.</p> <p>Actividades intercentros (como poden caixas viaxeiras, envío de postais polo nadal...)</p> <p>Participación nas celebracións organizadas para todo o centro: Samaín/Magosto, Entroido, Día das Bibliotecas, Día de Rosalía, Día da Paz, Letras Galegas, Semana da Prensa, Día do Libro...)</p>
	5º e 6º CURSO	<p>Visita á Protectora de animais de Lugo.</p> <p>Excursión á casa Grande de Xanceda.</p> <p>Saída á Avifauna.</p>

<p>INGLÉS</p>	<p>Xogo “Trick or Treat” no Samáin Christmas Carols Surprise Riddle no comedor</p>
<p>EDUCACIÓN FÍSICA</p>	<p>Encontros deportivos. Roteiro a Portomarín.</p>
<p>MÚSICA</p>	<p>Saída Piornedo, proxecto “Vai de baile!”</p>

<p>ESO</p>	<p>BIOLOXÍA/FQ</p>	<p>Programa Voz Natura</p> <p>VI Congreso Científico da Montaña</p> <p>Saída micolóxica</p> <p>Visita ao Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia</p> <p>Visita aos Museos Científicos Coruñeses</p>
	<p>EDUCACIÓN FÍSICA</p>	<p>Primer Trimestre:</p> <p>Encontro deportivo de Bádminton. Data por determinar. Xogade.</p> <p>Rocódromo de Lugo. Data por determinar.</p> <p>Segundo Trimestre:</p> <p>Kilómetro Solidario “Save the Children”. Data por determinar.</p> <p>Pista de xeo: Actividade de patinaxe en xeo. Data por determinar</p> <p>Tenis de Mesa. Encontro deportivo. Xogade. Data por determinar.</p> <p>Andaina vía XIX</p> <p>Terceiro Trimestre:</p>

	<p>Encontro deportivo de Hockey sobre patíns ou Baloncesto. Data por determinar</p> <p>Iniciación ao surf. Escola de surf de Esteiro (Viveiro). Data por determinar.</p>
FRANCÉS/EPV/VALORES	
INGLÉS	<p>Digital week en Gandarío.</p> <p>Halloween.</p> <p>Thanksgiving.</p> <p>St Patrick 's.</p>
L. CASTELÁ	<p>Visita a un xornal.</p> <p>Obradoiro de xornalismo.</p> <p>Obra de teatro.</p> <p>Obradoiro de teatro.</p> <p>Poesía na rúa.</p> <p>Roteiro Literario.</p>

L. GALEGA	
MATEMÁTICAS	<p>Proyecto Stat Wars: Divulgación científica que trata de acercar la estadística a los estudiantes de ESO a través de un formato innovador y divertido.</p> <p>Tendría que estar coordinado con algún centro de Lugo que lo solicite y acudir de forma conjunta (por ejemplo, Ies Sanxillao)</p>
ORIENTACIÓN	<p>Visita aos IES da contorna (Becerreá, Pena do Pico...)</p>
RELIXIÓN	<p>Facer unha etapa do Camiño de Santiago. Facer unha visita guiada á Catedral de Lugo.</p>

TECNOLOXÍA

Visita a lugares de interese para a materia coma:

- Parque eólico experimental (Sotavento).
- Industrias agroalimentarias (Xanceda).
- Fábrica de maderas transformadas (Tableros Hispanos).
- Fábrica de bolsas de papel (Vrio Pack).
- Participación en conferencias e/ou coloquios de contido técnico - científico.
- Construción dun caixón de realidade aumentada.
- Realización de actividades CAD e Impresión 3D.

HISTORIA/TIC

Visita ao Centro de Interpretación da Muralla de Lugo.

Visita ao Castro de Santa María (San Román).

CENTRO	DINAMIZACIÓN LG.	<ul style="list-style-type: none"> -Colaboración coas festas cíclicas anuais: Samaín, Nadal, Entroido, Maíos... -Día de Rosalía -Letras galegas -Correlingua -Ruta polo bosque cárstico dos Grobos -Rutas literarias do Museo de Lugo -Orgullo galego: charla “O galego e as redes sociais” -Obradoiro de forxa
	BIBLIOTECA/CLUB DE LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> Encontro con escritores/as. Radio na biblio. Ciencia na biblio. Obradoiro de cómic. Obradoiro de papiroflexia. Obradoiro de ilustración. Contacontos. Roteiro literario. Lecturas dramatizadas.

EXCURSIONS

Durante o curso, faranse tres excursións: unha de todo o colexio, outra de Infantil e Primaria, e outra da ESO.

Estas saídas terán un carácter lúdico, didáctico e cultural, por iso, os departamentos didácticos implicados na organización das mesmas, poñerán especial interese en vincular as actividades que se realicen con tarefas ou proxectos que se desenvolvan no colexio.

O deseño dos proxectos destas saídas será comunicado ás familias coa adecuada antelación, que permita unha planificación tranquila e segura.

POLOS CREATIVOS

Durante este curso imos participar neste programa de innovación educativa que consiste na creación dun espazo físico dotado dun equipamento especializado, cun deseño modular e innovador, e organizado didácticamente para o fomento da creatividade e a formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial.

Está baseado na aprendizaxe activa e manipulativa, aprendizaxe baseada no deseño, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais.

Será un espazo aberto á comunidade para favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía.

6º.-DOCUMENTO Nº 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA

Composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

COMPOSICIÓN	NOME E APELIDOS
Profesora EI	Verónica Fernández Vázquez
Profesora EP	Rubén Ceide Martínez
Profesora ESO	M ^a Isabel Pena Bonome
Profesora ESO	M ^a Sabela Pérez Martínez (coordinadora)
Alumno	David Pérez Digón
Alumna	Natalia Méndez Trabado
Alumna	Uxía Pardo Carballo
Alumno	Laura Fernández Pardo
Persoal non docente	Iván Rivas Mato

Obxectivos

- 1.- Continuar fomentando a adquisición de material educativo en galego.
- 2.- Promover a actuación no centro de contacontos, animadores, grupos de teatro, etc.
- 3.- Realización de exposicións de autores galegos.
- 4.- Organización de actividades específicas para Magosto, Nadal, Entroido...

Plan específico para o ensino:

Lingua materna predominante e que se utiliza na aula: Galego.

Horario dedicado á adquisición da outra lingua oficial: O establecido.

Ed. Infantil e Primaria.

Infantil 3 anos :	5 h.
Infantil 4 anos :	5 h.
Infantil 5 anos :	5 h.
Primaria 2º/ 3º	5 h.

7.- DOCUMENTO Nº 7: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Durante este curso teremos aberta unha liña de formación:

- Dinamización dun espazo maker: “Polos Creativos”
- Continuidade do proxecto “Vai de Baile” planificado no curso 2022/23.

I. OBXECTIVOS

- Contribuír á mellora da calidade educativa e á innovación metodolóxica.
- Acadar a base teórica e a competencia necesaria para analizar, programar, desenvolver e avaliar proxectos de traballo no centro.

II. CONTIDOS

- Emprego das tecnoloxías da comunicación e a información.
- Deseño e elaboración de proxectos interdisciplinares.

III. FORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

- Robótica para alumnado, profesorado e familias.
- Obradoiro de “Resolución de conflitos”(práctica).

8.- DOCUMENTO Nº 8: OUTROS PROGRAMAS EDUCATIVOS NOS QUE POIDA PARTICIPAR O CENTRO-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE-ORIENTACIÓN

PROXECTO EDIXGAL

O CPI de Cervantes continúa neste curso coa implementación do proxecto E_Dixgal cunha clara intención de afianzar un proceso de cambio hacia un centro educativo innovador e dixital, e o que pretendemos é dispoñer dos recursos humanos e pedagóxicos, así como das infraestructuras e servizos axeitados, para un uso máis cotiá da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

O uso de materiais dixitais supón introducir novas estratexias e recursos e pode influír, e mesmo determinar, algún aspectos característicos do traballo na aula, como a metodoloxía, o tipo de agrupamentos, e a xestión dos recursos, dos espazos físicos e do tempo. Por iso, o aproveitamento didáctico das TIC inflúe no tradicional rol asumido polo profesorado, e pode contribuír á busca de modelos de ensino máis novidosos e enriquecedores.

I. OBXECTIVOS

- Explorar as posibilidades dos dispositivos e libros dixitais no ámbito educativo, xerando ideas sobre os seus posibles usos.
- Sobreponderar e integrar na aula as ferramentas e recursos dispoñibles asociados a dispositivos electrónicos e libros dixitais.
- Propiciar o cambio metodolóxico cara unha educación por competencias.
- Valorar as vantaxes e inconvenientes do seu uso como ferramenta educativa.
- Mellorar a competencia dixital e a conectividade do centro.

II. METODOLOXÍA

A maior parte do profesorado do centro atópase implicado no proxecto, comprométese a poñelo en marcha, desenvólvelo e levalo á práctica, garantindo a súa continuidade.

A **metodoloxía** utilizada será activa e participativa, e determinará unhas pautas de actuación, sempre adaptadas ás necesidades do alumnado, coas que pretendemos:

- Espertar o interese do alumnado co uso de EVA.
- Estimular a súa curiosidade e o seu interese na resolución de conflitos.
- Utilización de métodos activos baseados na experiencia e investigación do propio alumnado.
- Tratamento interdisciplinar dos temas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Utilizar unha ampla variedade de recursos dixitais que aporten información e faciliten o manexo dos ordenadores e a realización de tarefas e actividades.

PROXECTAS:

DONAS DE SÍ

Xustificación

Logo do camiño na loita pola igualdade de dereitos entre os homes e as mulleres na sociedade do século XIX, cómpre afondar neste empeño recoñecendo os valores e as achegas das mulleres á innovación cultural, científica e intelectual e situálas nos contextos que lles tocou vivir. Para esta tarefa é esencial descubrir aspectos esquecidos e que nos axuden a comprender máis profundamente o que significaron.

Obxectivo xeral

- Fomentar o empoderamento das mulleres e a deconstrución dos estereotipos de xénero como peza fundamental do desenvolvemento da sociedade galega.

Obxectivos específicos:

- Visibilizar e pór en valor a participación e a produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea.

- Recoñecer o papel político, social, artístico, científico e cultural das mulleres e superar a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.

NÓS TAMÉN CREAMOS!

Xustificación

O programa Nós tamén creamos! nace para paliar o descenso do uso do galego entre as xeracións máis novas e a diminución da transmisión interxeracional como lingua propia de Galicia.

Obxectivos

Obxectivos xerais

- Construír unha imaxe positiva da lingua galega e fomentar o seu uso dentro e fóra da aula.
- Contribuír á creación de material audiovisual en lingua galega que poida ser usado no tempo de lecer por nenas e nenos do centro e do resto da comunidade, a través da CRTV e de Internet.

Obxectivos específicos

- Construír unha imaxe positiva da lingua galega e fomentar o seu uso dentro e fóra da aula.
- Iniciar un proceso de alfabetización audiovisual en lingua galega a través da lectura de álbums ilustrados en galego e da súa adaptación á linguaxe audiovisual.
- Adquirir competencias nas TIC coa finalidade de realizar películas de animación.
- Crear curtametraxes de animación en lingua galega usando as TIC e diversas técnicas artísticas.
- Contribuír á creación de material audiovisual en lingua galega que poida ser usado no tempo de lecer por nenas e nenos do centro e do resto da comunidade, a través da CRTV e de Internet.

PROTEXE OS ANIMAI!

Xustificación

O programa xurdiu das propias competencias da Dirección Xeral e da necesidade de traballar e educar na tenencia responsable de animais de compañía dende os centros escolares.

Obxectivos

- Comprender o concepto de animal doméstico ou de compañía.
- Coñecer as características dun animal doméstico.
- Identificar as necesidades básicas dun animal de compañía, facendo fincapé nas necesidades afectivas.
- Comprender o significado dun abandono e as consecuencias que supón.
- Descubrir o procedemento de adopción de animais.
- Concenciar os nenos/as sobre a protección do medio ambiente e o respecto aos dereitos dos animais.
- Loitar contra o abandono e o maltrato animal desde a sensibilidade e a educación na infancia.
- Fomentar o respecto cara aos animais domésticos.

Plan Xeral de Atención á Diversidade

CPI DE CERVANTES

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

4. OBXECTIVOS

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 5.1. Medidas Ordinarias
- 5.2. Medidas Extraordinarias
- 5.3. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPOS E RECURSOS

7. ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

- 7.1. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

8. PROTOCOLOS PARA SOLICITUDE DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

10. ANEXOS

- PROGRAMA PARA A MELLORA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS
- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

1. INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada profesional da educación, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esta diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación establece no seu art. 121 que o Proxecto Educativo recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.

Segundo o art. 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por Atención á Diversidade, o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A consideración da diversidade como un valor significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar todas as potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente incluídas e contén cos espazos de participación e desenvolvemento aos que a súa condición humana lles dá dereito. E isto significa que o centro ten que deseñar e desenvolver un proxecto educativo propio, guiado polos valores de inclusión, igualdade, colaboración e calidade, entre outros, garantindo unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

A atención á diversidade réxese polos principios de normalización e inclusión; igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa, tal como se establece no art. 4 do Decreto 229/2011, citado anteriormente. Partindo sempre da convicción de que é necesario un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo e a implicación de todos os membros da comunidade educativa tal e como se establece na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Así na etapa de Educación Infantil atenderase á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económico teñen na aprendizaxe e evolución infantil, así como a detección precoz e atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.

Na etapa de Educación Primaria porase especial énfase en garantir a inclusión educativa; na atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia; na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas u outras medidas axeitadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

E na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do

alumnado e terase en conta as necesidades educativas especiais do alumnado.

Este conxunto de medidas e acción necesarias emerxerán a través deste Plan Xeral de Atención á Diversidade, que é o documento onde se articula a atención á diversidade no noso centro. Nel concretaranse as actuacións e medidas deseñadas para adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do noso alumnado.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CPI de Cervantes sitúase na localidade de San Román de Cervantes, na provincia Lugo. Trátase dun concello rural da comarca dos Ancares.

O alumnado é maioritariamente rural, diseminado en multitude de aldeas de media-alta montaña na que o medio de vida preferente encádrase dentro da gandería e a agricultura. As infraestructuras sociais do concello son escasas, con poucos servizos.

A maior parte dos problemas detectados no alumnado céntranse nas dificultades de aprendizaxe en áreas instrumentais. Dentro da Educación Primaria, as dificultades están relacionadas coa adquisición das habilidades instrumentais básicas, ben en operacións matemáticas ou ben no desenvolvemento da comprensión e expresión da linguaxe oral e escrita. Os casos máis frecuentes están ligados a problemas lecto-escritores de tipo dunha incorrecta exactitude lectora, velocidade lectora lenta e sobre todo problemas de comprensión lectora, sumados estes aos xa mencionados problemas na área de matemáticas, sobre todo no cálculo e na resolución de problemas.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Para a avaliación das necesidades do centro en canto á atención á diversidade seguimos unha metodoloxía cualitativa utilizando os seguintes procedementos:

- Análise da documentación do centro.
- Entrevistas con profesorado e titoras/es.
- Reunións co equipo directivo.
- Reunión cos membros do Departamento de Orientación.
- Observación directa do centro e das súas características.
- Sesións de avaliación e avaliacións psicopedagóxicas.

A partir destes procedementos identificáronse catro ámbitos principais:

Necesidades relativas ao alumnado:

- Fomentar a autonomía persoal e a asunción de responsabilidades segundo as posibilidades de cada quen.
- Previr as dificultades específicas de aprendizaxe que presenta o alumnado e potenciar as súas fortalezas adaptándonos e respectando os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciación de hábitos positivos de alimentación, saúde e deporte.
- Procurar técnicas para manter a atención, identificar aspectos máis importantes da información, reter e organizar a información, simbolizar e abstraer.

- Adquisición de rutinas diarias de realización de tarefas académicas, de estudo diario e de tempo de sono.
- Informar e asesorar no relativo á orientación académica e ao seu futuro profesional.

Necesidades relativas ao profesorado:

- Asesoramento en canto a medidas de atención á diversidade e a posta en marcha de metodoloxías activas que faciliten a participación e implicación de todo o alumnado e favorezan a adquisición de coñecementos.
- Axuda na detección de fortalezas e potencialidades do alumnado sen centrarse so nas necesidades educativas e nas dificultades de aprendizaxe.
- Formación continua dada a cantidade de cambios legislativos que se dan nos últimos anos.

Necesidades relativas ao centro e ao entorno:

- Traballo coordinado cos centros e servizos do contorno (CDR, UACO, EOE, servizos sociais, servizos de saúde, etc.).

Necesidades relativas ás familias:

- Asesoramento e establecemento de pautas de actuacións comúns entre o centro e as familias.
- Información e asesoramento no relativo á orientación académica e profesional dos fillos e fillas.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais que nos propoñemos con este Plan Xeral de Atención á Diversidade son os seguintes:

- Favorecer a inclusión efectiva de todo o alumnado e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- Detectar as fortalezas e dificultades de aprendizaxe en canto aparezan e por en marcha metodoloxías activas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais máis transferibles e duradeiros.
- Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a aplicación de metodoloxías que permitan a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos e a aprendizaxe baseada en problemas que favoreza a participación activa, a experimentación e un aprendizaxe funcional e motivador para o alumando.
- Organizar e optimizar o uso dos recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e en especial ao que presenta NEAE.
- Asesorar na realización, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares, medidas de reforzo educativo, plans específicos de reforzo, plans específicos personalizados e/ou calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- Potenciar a acción tutorial.
- Fomentar a participación das familias e implicalas no proceso educativo dos fillos e fillas.
- Previr e tratar de xeito integral a violencia de xénero segundo determina a normativa establecida para tal fin.

ALUMNADO:

- Por en marcha programas de prevención de posibles dificultades de aprendizaxe.
- Identificar e valorar as necesidades educativas do alumnado e do seu contexto e desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Facilitar a súa aprendizaxe por medio de metodoloxías activas, participativas e colaborativas que favorezan a inclusión e teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

- Por en marcha, unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por ser insuficientes, medidas extraordinarias de atención á diversidade que den resposta ás necesidades educativas do alumnado NEAE.
- Impulsar o desenvolvemento persoal do alumnado: autonomía e asunción de responsabilidades.
- Potenciar capacidades que lles permitan un mellor coñecemento de si mesmos e a asunción dos éxitos e dos fracasos.
- Fomentar hábitos e técnicas de traballo intelectual.
- Fomentar as habilidades sociais e a resolución de conflitos de forma pacífica.

PROFESORADO:

- Asesorar e ofrecer recursos ao profesorado sobre as medidas de atención á diversidade.
- Difundir e asesorar os protocolos publicados pola consellería para a atención de alumnado NEAE.
- Informar e asesorar sobre as estratexias máis axeitadas para o mellor coñecemento das características individuais do alumnado.
- Facilitar criterios de organización e de agrupamentos que permitan a flexibilidade e a integración do alumnado.
- Dinamizar e coordinar actuacións entre o profesorado titor, o profesorado de apoio, o Departamento de Orientación para dar a mellor resposta ás necesidades do alumando.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa sobre a posta en práctica de metodoloxías activas e participativas e o traballo colaborativo na aula que motiven á totalidade do alumando.

CENTRO E ENTORNO:

- Recoller suxestións da CCP no tratamento da diversidade.
- Colaborar na PXA, nos aspectos relacionados coa orientación educativa e a atención á diversidade.
- Participar na elaboración das concrecións curriculares incidindo nas medidas de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con NEAE.
- Diseñar programas de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Facilitar a acollida do alumnado novo no centro e no grupo.
- Fomentar o emprego de programas de innovación educativa que persigan metodoloxías activas e participativas e a motivación da totalidade do alumnado.
- Garantir a coordinación dos Departamentos de Orientación da zona co obxectivo de que o cambio de centro do alumnado ás diferentes etapas educativas sexa o máis coherente posible.
- Solicitar asesoramento e colaboración do EOE de Lugo, así como doutras entidades coas que a consellería ten convenio de colaboración.
- Coordinarnos cos servizos sociais, CDR e servizo de saúde do concello.
- Solicitar a colaboración dos centros de Bacharelato e FP de contorna.

FAMILIAS:

- Establecer canles de comunicación fluída e construtiva entre o centro e as familias impulsando a súa participación e colaboración no centro e nas medidas implementadas cos seus fillos e fillas, así como no seu seguimento persoal e

académico.

- Asesorar ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Facilitar a relación entre o profesorado titor e as familias para permitir un mellor coñecemento do alumnado previndo así dificultades de aprendizaxe ou de comportamento.
- Diseñar programas para o tratamento de problemas puntuais do tipo de hábitos e técnicas de traballo intelectual, problemas de tipo condutual, desmotivación polo estudo, problemas que dificulten o benestar emocional, etc.

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Partimos de que se entende a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As medidas propostas están recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia:

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Partiremos sempre das medidas ordinarias e só unha vez esgotadas estas, ou de non ser suficientes, pasaríamos a outras medidas de carácter máis extraordinario.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade coas que contamos atópanse:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espazos) **e da organización e xestión da aula ás características do alumnado** cunha visión inclusiva, de equidade, de heteroxeneidade e de optimización dos recursos, establecendo criterios para a elaboración dos horarios do alumnado, a asignación de titorías, o agrupamento do alumnado e a distribución das aulas e espazos.
- **Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e as circunstancias do seu contorno:** os distintos departamentos didácticos terán en conta as características particulares do noso alumnado.
- **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.** Na planificación docente, no marco dos principios do deseño universal de aprendizaxe, poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a titoría entre iguais, entre outras. En todo caso, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa

propia aprendizaxe, segundo as áreas, as materias, os ámbitos e/ou os módulos, os espazos e os tempos.

- **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación:** é aconsellable levar a cabo unha revisión dos instrumentos, estratexias e criterios de avaliación tendo en conta, sobre todo, as posibles necesidades específicas de apoio educativo que se poidan presentar no centro (con necesidade de adaptar os instrumentos de avaliación ou a metodoloxía, por exemplo, con probas orais ou aumentando o tempo destas).

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparando o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

- **Aula de atención educativa e convivencia** destinada á mellora da convivencia: atender ao alumnado que impida o normal desenvolvemento do traballo no grupo-clase por presentar condutas disruptivas. Non se enviará alumnado sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela e deberá desenvolver un programa de habilidades e competencias sociais.

- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado tutor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

- **Exención da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º da ESO:** dirixida ao alumnado que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do DO, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida.
- **Programa de enriquecemento curricular:** no caso da identificación de alumnado con altas capacidades, podemos por

en marcha, ademais doutras medidas, un programa de enriquecemento curricular con metodoloxías e actividades que favorezan o máximo desenvolvemento desas capacidades.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área, da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

- **Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso** coa finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
- **Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar:** elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
- **Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso,** ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
- **Programa de habilidades e competencias sociais.** Para a totalidade do alumnado, nos que se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión e a interacción coas persoas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas/materias/ ámbitos/módulos, e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

Igualmente, de conformidade co art. 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o Departamento de Orientación do centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.

Elaborarase e desenvolverase un programa específico para aquel alumnado que, como consecuencia das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito a asistencia ao centro, que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais.

Aplicarase coordinadamente entre o DO e o profesorado titor, que procurará implicar ao resto de profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Consideranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de ser esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

- **Adaptacións Curriculares:**

As Adaptacións Curriculares son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE. Para a adopción desta medida será preciso que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación previa se entenda comoa máis idónea para atender as necesidades educativas do alumnado e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

As AC realizaranse na E. Primaria e na ESO, sen prexuízo das adaptacións que se requiran para a flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado.

Estas suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular do alumnado, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

- a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación.
- b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do DO.
- c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte.

A xefatura do DO conformará o expediente da adaptación, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

- **Agrupamentos flexibles**, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias nas que necesitan unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria e de dez en educación secundaria obrigatoria.

- **Integración de materias en ámbitos de coñecemento en 1º de ESO:**

Os centros poderán agrupar as materias de 1º curso de ESO en ámbitos de coñecemento, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a E. Primaria e o 1º curso da ESO.

Esta medida pretende consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da ESO; motivar ao alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe; promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinar dos equipos docente que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

- **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.**

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con nee, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEAE. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en PT e AL realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula a que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

- **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.**

A flexibilización da duración do período de escolarización é a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con

NEE.

Por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

- Na etapa de educación infantil: poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.
- Na etapa de educación primaria: esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.
- Na etapa de educación secundaria obrigatoria: esta redución non poderá afectar o derradeiro curso desa etapa.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

- Na etapa de educación infantil: non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.
- Na etapa de educación primaria: non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotarse a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.
- Na etapa de educación secundaria obrigatoria: non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos dezanove anos de idade, no caso de centros docentes ordinarios, ou dos vinte e un, no caso de unidades de educación especial ou en centros de educación especial a tempo completo. En ambos casos, o límite de idade enténdese referido ao ano natural en que finaliza o curso escolar.
- **Programas de diversificación curricular:**

Consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.

Nestes programas empregárase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

O alumnado destinatario desta medida extraordinaria deberá cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos:

- a) Ser alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades de aprendizaxe.
- b) Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultades detectadas.
- c) Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- d) Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco, e terán un grupo ordinario de referencia no cal cursarán as materias

non incluídas nos ámbitos de coñecemento do programa de diversificación curricular.

- **Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.**

Esta medida vai dirixida ao alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo.

Atención educativa domiciliaria. Será destinatario desta medida o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalcente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A prestación da atención educativa domiciliaria someterase a unha revisión, como mínimo, en cada avaliación, co obxectivo último da reincorporación do alumnado ao ensino presencial, de xeito gradual ou parcial, se así se determina.

Atención educativa hospitalaria. Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Atención educativa virtual. Será destinatario desta atención educativa virtual o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o cal as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia. Neste caso, proporán a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa correspondente.

A atención educativa ao alumnado que non poida asistir ao centro realizaraa o profesorado de cada área, materia, ámbito ou módulo do centro docente en que estea matriculado e, no caso de imposibilidade apreciada pola dirección do centro, o equipo docente ou departamento didáctico correspondente.

5.3. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Na determinación dos criterios para organizar e distribuir os recursos na aplicación das medidas propostas teranse en conta o seguinte:

- As demandas ao DO, faranse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo profesorado titor ou polo profesorado de área/materia (ubicación do alumnado na aula, cambios metodolóxicos, axuda entre iguais, traballo en pequenos grupos, grupos colaborativos, secuenciar actividades, atención e explicacións individualizadas...).
- Priorizaranse as medidas de atención á diversidade ordinarias sobre as extraordinarias.

- Dende a xefatura de estudos en colaboración co DO daranse a coñecer ao profesorado do centro os protocolos de actuación co alumnado con NEAE publicados pola consellería para a posta en marcha das medidas neles establecidas.
- A decisión sobre as medidas de atención á diversidade tomarase conxuntamente entre a xefatura de estudos (da etapa correspondente) e o DO contando coa colaboración do profesorado especialista en PT e o profesorado titor. No caso do RE será o profesorado de área ou materia a persoa que decidirá sobre a realización ou non desta medida.
- De xeito xeral a previsión das medidas de atención á diversidade farase unha vez realizada a avaliación final do curso e tendo en conta os seguintes informes:
 - Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio elaborado polo profesorado especialista en PT e AL (art. 57 O 8/09/21).
 - Informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo elaborado polo profesor de área ou materia (art. 48 O 8/09/21).
 - Informe individual final elaborado polo profesorado titor sobre o grao de adquisición das competencias e sobre as medidas de reforzo educativo que se deben contemplar no curso seguinte. Nos cursos de 4º e 6º de E.P. (art. 6 Orde do 25 de xaneiro de 2022).
- Unha vez iniciado o novo curso, a avaliación inicial é o momento de tomar decisións sobre a posta en marcha de medidas que dean resposta ás necesidades do alumnado que non se detectaran con anterioridade ou do alumnado de nova incorporación. Terase en conta a data de solicitude para a autorización das AC ao servizo de inspección educativa, que é o 30 de novembro.
- A necesidade da aplicación das medidas de atención á diversidade quedará reflexada no correspondente informe psicopedagóxico do alumnado elaborado pola persoa que exerce a xefatura do DO.
- A aplicación, organización e distribución das medidas farase en función dos recursos dos que dispón o centro. Recursos persoais (profesorado especialista en PT e AL, profesorado con disponibilidad horaria, profesorado con horario suficiente nos diferentes departamentos, dos espazos adecuados e aulas libres (no caso de medidas de tipo organizativo), dos recursos materiais e medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados. E no caso de medidas de tipo organizativo que supoñan a formación de grupos, tamén vai depender do número de alumnado que cumpra os requisitos para por en marcha dita medida.
- A inmediatez para dar resposta as necesidades que se detecten ao longo do curso, ben sexa alumnado do centro ou alumnado de nova incorporación.
- En canto a disponibilidad horaria do profesorado para a realización do RE, priorizarase a menor carga lectiva.
- Para a aplicación de todas as medidas de atención á diversidade serán informadas as persoas proxenitoras ou persoas que exerzan a titoría legal deixando constancia por escrito e para os casos que así veñan establecidos legalmente contarase coa autorización correspondente dos mesmos.
- Se a medida, recollida no correspondente informe psicopedagóxico require a intervención de profesorado especialista en PT, terase en conta a dispoñibilidade dos mesmos, o número de casos, as peculiaridades de cada un, o tempo de atención e a organización horaria xeral. En todo caso tratarase de dar resposta a todas as demandas de xeito funcional, tendo en conta o seguinte:
 - Prioridade do alumnado NEE sobre o NEAE.
 - Prioridade do alumnado con AC.

- Continuarase cos apoios iniciados no curso anterior priorizando os cursos máis baixos sempre que veña recollido no informe psicopedagógico.
 - A atención farase na aula ordinaria e de xeito excepcional fóra dela.
 - A organización da atención será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso ben porque superen as dificultades ou pola incorporación de novos casos que prioricen a atención.
 - Na etapa de E. Infantil só se apoiará en casos moi significativos e será en gran grupo, agás en casos excepcionais.
 - Para a atención ás dislalias de tipo evolutivo que poidan interferir no proceso lectoescritor, poderase levar a cabo un programa de estimulación da linguaxe oral (PELO) polo profesorado de AL coa colaboración do profesorado titor cando se detecten varios casos de alumnado coas dificultades sinaladas e a dispoñibilidade do profesorado de AL o permita e priorizando no 4º curso da etapa.
- **Procedemento para a incorporación do alumnado ao Plan de Apoio** polo profesorado especialista de PT ou AL.
1. Avaliación Inicial (art. 12 da Orde do 8 de setembro de 2021).
 2. Protocolo de demanda da avaliación psicopedagógica, no que constará quen é a persoa que solicita dita avaliación (a familia, o profesorado titor, a administración educativa).
 3. Protocolo de recollida de información por parte do profesorado titor, unha vez informada a familia e acreditada por escrito dita información.
 4. Entrega do protocolo de recollida de información á persoa responsable do DO para solicitar a valoración do/a alumno/a.
 5. Avaliación psicopedagógica por parte do DO (art. 13 da Orde do 8 de setembro de 2021) e elaboración do correspondente Informe Psicopedagógico (art. 20 da Orde do 8 de setembro de 2021) e comunicación, se é o caso, da decisión de intervención do profesorado especialista de PT e/ou AL ao profesorado titor.
 6. Seguimento e avaliación da medida.

6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPOS E RECURSOS

Espazos:

1. Aulas ordinarias do centro.
2. Aula de pedagogía terapéutica.
3. Dpto. de Orientación.
4. Biblioteca.
5. Aula de informática.

Tempos :

1. Aumento do tempo dedicado á información e coordinación coa familia.
2. Dedicación temporal específica para a coordinación do equipo educativo.
3. Dedicación temporal para a planificación da resposta e para a selección e elaboración de materiais curriculares específicos.

Recursos:

1. *Materiais:* materiais curriculares, instrumentos diversificados (gráficos e manipulativos), tests de avaliación psicopedagóxica, bibliografía especializada, etc. Aulas ordinarias. Aulas non ordinarias.
2. *Humanos:* Profesor/a titor/a. Orientador/a. Equipo educativo e directivo. Profesora de PT e nais/pais ou titores legais.
3. *Funcionais:* elaboración e coordinación de horarios. Uso de métodos didácticos específicos. Acción tutorial. Coordinación do equipo educativo. Coordinación e colaboración cos pais-nais.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**▪ Equipo directivo :**

- ✓ A organización do centro para a adecuada utilización e o aproveitamento dos recursos materiais e a optimización do rendemento dos recursos persoais dos que dispón para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado en xeral, e en particular, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Promover e impulsar a atención á diversidade, garantindo o adecuado desenvolvemento tanto das medidas de actuación de carácter perceptivo que figuran na normativa como das recollidas neste Plan Xeral de Atención á Diversidade e nos documentos do Proxecto Educativo e de desenvolvemento curricular, xestión, organización, funcionamento e na PXA.
- ✓ Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos,...) para dar resposta á diversidade do alumnado.
- ✓ Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, e manter sesións periódicas de coordinación coa persoa responsable do DO.

▪ Profesorado:

- ✓ Reforzar a acción tutorial, entendida como a planificación de actuacións para cada unha das etapas educativas, que posibilite a adecuada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social.
- ✓ Adecuación da programación didáctica de cada materia/área/ámbito ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- ✓ Implementación de metodoloxías que se adapten ao alumnado do grupo e que potencien o traballo colaborativo o aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión de todo o alumnado do grupo-clase.

- ✓ Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación da área/materia/ámbito tendo en conta para isto as actuacións e medidas recollidas nos diferentes protocolos publicados pola consellería.
 - ✓ Desenvolver as medidas e actuacións no ámbito curricular, relacional e organizativo que favorezan a convivencia.
 - ✓ Potenciar a coordinación e o traballo en equipo na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación das accións que se levan a cabo no centro en relación co alumnado.
 - ✓ Elaborar os informes correspondentes do alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade.
 - ✓ Solicitar a persoa responsable do DO a avaliación do alumnado que considere cumprimentando o protocolo establecido.
 - ✓ Proporcionar ao DO datos do alumnado relativos á competencia curricular, estilo de aprendizaxe e integración socioeducativa para a posterior avaliación psicopedagóxica e outra información que se lle solicítase.
 - ✓ Proporcionar ás familias/titores legais, a través das titorías, a información relativa á acción educativa que se desenvolva cos seus fillos/as: RE, AC, apoios, intervencións individualizadas, avaliacións psicopedagóxicas e solicitar deles as autorizacións e a documentación necesaria.
- **Xefatura do D.O:**
 - ✓ Realización das avaliacións psicopedagóxicas correspondentes.
 - ✓ Desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade en colaboración coa xefatura de estudos e co profesorado especialista de PT e AL.
 - ✓ Responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración dos informes psicopedagóxicos.
 - ✓ Responsabilizarse da elaboración dos correspondentes ditames de escolarización naqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios de atención educativa.
 - ✓ Cumprimentación da documentación necesaria para a solicitude da beca do alumnado con NEAE.
 - ✓ Coordinación das accións do profesorado especialista en PT e AL na atención do alumnado con NEE e de xeito excepcional do alumnado con NEAE.
 - ✓ Participación nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas a todo o alumnado do centro e de xeito particular ao alumnado con NEAE.
 - ✓ Impulso na comunicación coas familias e impulsar a súa participación no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas así como facilitar a coordinación das titorías na detección de necesidades e no seguimento e aplicación das medidas adoptadas.
 - ✓ Establecemento de canles de comunicación e coordinación cos servizos externos ao centro que atendan ao alumnado NEAE.
 - **Profesorado especialista de PT e AL:**
 - ✓ Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade.
 - ✓ Participación nas sesións de avaliación do alumnado co que desenvolven o seu plan de intervención.
 - ✓ Elaborar en colaboración co profesorado de área/materia na que intervén a planificación da súa acción educativa co

alumno NEAE.

- ✓ Elaboración dos programas de intervención para o alumnado que atenden segundo as directrices recollidas neste PXAD e colaboración co profesorado de área/materia co asesoramento da persoa que exerce a xefatura do DO.
- ✓ Colaboración na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- ✓ Prestarlle atención docente directa ao alumnado con NEE e/ou de xeito excepcional ao alumnado con NEAE que así o requira en coordinación co departamento de orientación.
- ✓ Elaboración dun informe individual do alumnado ao que lle prestou apoio segundo o modelo establecido e que se incluíra no seu expediente.

▪ **Profesorado titor:**

- ✓ Reforzar a acción tutorial, entendida como a planificación de actuacións para cada unha das etapas educativas, que posibilite a adecuada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social.
- ✓ Coordinación das sesión de avaliación incluíndo a avaliación inicial recollendo información sobre as dificultades que presenta o alumnado e as propostas para atender ás necesidades plantexadas co asesoramento do DO.
- ✓ Realización das actividades de coordinación co equipo docente para asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións facilitando o seu axuste ao grupo, sobre todo nos casos de atención ás necesidades educativas especiais.
- ✓ Elaboración dos informes individualizados preceptivos, cando cumpra, coa decisión e valoración do equipo docente para a proposta dalgunhas medidas de atención á diversidade extraordinarias que así o requiran: incorporación a un agrupamento flexible, a un programa de diversificación curricular ou a un programa de cualificación profesional, e solicitude da exención da 2ª lingua estranxeira no primeiro ciclo de ESO.
- ✓ Establecemento de contacto coas familias para facilitar a colaboración e o seguimento do proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos/as e se fose o caso dando a coñecer as medidas de atención á diversidade que se van realizar, deixando acreditación por escrito da información.

▪ **Profesorado de reforzo** (para alumnado exento de cursar a 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º de ESO).

- ✓ Realización de actividades de coñecemento do alumnado do grupo respecto ás características, intereses, motivacións e dificultades que presenta en relación á materia que imos reforzar.
- ✓ Docencia directa ao alumnado con NEAE nas materias instrumentais seguindo as directrices marcadas polos departamentos correspondentes. Preferentemente en pequenos grupos, e tanto en horario escolar como, se é o caso, en horario extraescolar dependendo do tipo de axuda ou do tipo de programa do que se trate: reforzo en linguas con alumnado que ten exención en francés, reforzo das áreas instrumentais, programas de recuperación de pendentes, grupos de adaptación da competencia curricular ou grupos de adquisición de linguas.
- ✓ Coordinación, se é o caso, co profesorado que imparte clase das materias obxecto de reforzo nos grupos de referencia.
- ✓ Colaboración e coordinación, se é o caso, co departamento de orientación para o axuste da resposta educativa en función da existencia ou non de dificultades específicas de aprendizaxe.

- **Profesorado con dispoñibilidade horaria.**

- ✓ Realización de actividades de coñecemento do alumnado do grupo, das súas características, intereses, motivacións e dificultades que presentan en relación á área/materia/ámbito que apoia.
- ✓ Realización do apoio no contexto da aula ordinaria.
- ✓ Colaboración co profesorado de área/materia.
- ✓ Realización do apoio xeral ao conxunto de alumnado da aula.

7.1. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CON OUTROS CENTROS.

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:

- Reunións de CCP.
- Reunións de Claustro de profesorado.
- Reunións do Consello Escolar.
- Reunións do Departamento de Orientación. Unha reunión mensual fóra do horario lectivo que terá lugar o 1º luns de cada mes ás 16:30 horas. Realizarase tamén unha sesión de coordinación semanal conxunta entre o profesorado especialista de PT, e a persoa que exerza a xefatura do DO que terá lugar os venres ás 12:35 horas.
- Reunións dos Departamentos Didácticos.
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, tres sesións de avaliación e unha sesión de avaliación final.
- Reunións dos diversos equipos de profesorado do centro: equipo TICs, Biblioteca Escolar, Convivencia, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Igualdade,
- Microtempos e microespazos: reunións puntuais co profesorado en función de necesidades concretas.
- Reunións mensuais da orientadora co profesorado titor e puntuais en función das necesidades.

- **Coordinación entre a etapa de E. Infantil e a etapa de E. Primaria:**

O intercambio de información sobre o alumnado é importante. A tal efecto, realizarase unha reunión do profesorado de E. Infantil e 1º de E. Primaria ao remate ou ao inicio do curso a maiores da información que se traslada na documentación correspondente.

- **Coordinación entre ciclos na E. Primaria.**

Realizarase unha reunión ao final de curso ou ao inicio (en función da estabilidade do profesorado) de coordinación entre os ciclos, na que se trasladará información máis relevante sobre o alumnado.

- **Co centro no que o noso alumnado vai cursar as ensinanzas de Bacharelato ou Ciclos de Formación Profesional:**

Proposta de actuacións conxuntas a realizar entre os departamentos didácticos dos dous centros nas que participe o alumnado favorecendo así o tránsito.

Facilitar o intercambio de información sobre ACNEAE.

Organización das “Xornadas de Portas Abertas” para o alumnado 4º de ESO coa finalidade de que coñezan o novo centro, as modalidades de Bacharelato ou FP que se imparten e as materias que poden escoller.

7.2 CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Garantir unha axeitada atención á diversidade esixe que exista unha colaboración fluída coas familias e cos servizos externos ao centro que participan na atención do noso alumnado. É necesario así por en marcha medios de comunicación que favorezan o intercambio de información entre os centros e as familias como é o abalar móbil, a páxina web do centro, o correo electrónico, o teléfono, etc.

▪ Coas Familias:

As iniciativas que ten establecidas o centro para a comunicación e intercambio de información son as seguintes:

- Reunión no mes de xuño coas familias do alumnado que se incorpora por primeira vez ao 4º curso da etapa de EI para dar a coñecer o centro, os recursos e os profesionais.
- Reunión inicial (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, presentación do profesorado titor e información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Establecemento no horario de todo o profesorado da atención a nais/pais/titores legais.
- Información diaria a través do Abalar móbil das faltas de asistencia dos seus fillos/fillas.
- Comunicación trimestral a través do boletín de notas dos resultados das avaliacións trimestrais e da final.
- Información e acreditación de dita información e no seu caso autorización das medidas de atención á diversidade que se van a realizar cos seus fillos/as.
- Consello Orientador ao alumnado que finalice 2º de ESO, no que constará o grao de logro dos obxectivos e da adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta da opción que se considera máis adecuada para que o alumnado continúe a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un PDC ou a un ciclo formativo de grao básico. Este consello orientador será elaborado polo profesorado titor co asesoramento do DO.
- Consello Orientador ao alumado que finaliza a etapa de ESO que incluírá unha proposta sobre a opción ou opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes para o seu futuro formativo. Este consello orientador será elaborado polo profesorado titor co asesoramento do DO.
- Charlas informativas relacionadas co ámbito da orientación académica e profesional dirixidas ao alumnado de 6º de EP para facilitar o tránsito á nova etapa da ESO.
- Charlas informativas dirixidas ao alumnado de ESO sobre as materias optativas e os itinerarios formativos que poden elixir nos diferentes cursos da etapa en función das súas características, intereses e motivacións.
- Reunións puntuais a demanda das familias e alumnado para informalos das distintas opcións académicas e profesionais que teñen sen o título de ESO e unha vez acadado o título.

▪ **Coa ANPA:**

- Sensibilizar ás familias e a toda a comunidade educativa coa atención á diversidade e coa inclusión.
- Elevar propostas para a elaboración ou revisión deste PXAD.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares.
- Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

▪ **Cos Servizos Externos**

- Colaboración con servizos sociais do concello para detectar ou facer o seguimento de posibles casos que se atopen en situación de desvantaxe social.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios farase a petición das familias e co obxectivo de realizar valoracións por parte dos diferentes servizos de saúde e dos servizos de atención temperá. Colaboran tamén co centro en programas como educación para a saúde ou educación afectivo sexual.
- Colaboración do Departamento de Orientación co EOE de Lugo.
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demande e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da xefatura de departamento.

8. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda.

As medidas extraordinarias recollidas neste plan levaranse a cabo sempre tras a correspondente avaliación psicopedagóxica do alumno/a e contando con toda a información dispoñible: familias, titores, profesorado, alumnado...

A xefa/e do departamento de orientación elevará a proposta da medida máis adecuada á dirección do centro, unha vez informada a familia do alumno/a, e a dirección enviará dita proposta ao Servizo de Inspección educativa para a súa aprobación.

Documentación para a solicitude e implementación de medidas de atención á diversidade:

1. Solicitude de intervención do DO.
2. Información e acreditación á familia sobre a realización da avaliación psicopedagóxica.
3. Acta de reunión para Adaptación Curricular.
4. Expediente de Adaptación Curricular.
5. Proposta concreta das áreas ou materias adaptadas (currículo adaptado).
6. Acta de seguimento trimestral da Adaptación Curricular.
7. Solicitude de autorización de Flexibilización da duración do período de escolarización. Redución do curso escolar en Educación Infantil/Primaria/ESO.
8. Solicitude de autorización da Flexibilización da duración do período de escolarización. Permanencia dun curso escolar máis en Educación Infantil/Primaria/ESO.
9. Solicitude de autorización de conformación dun grupo de adquisición de linguas.
10. Solicitude de autorización de conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular.

11. Información e acreditación ás familias sobre medidas de atención á diversidade.
12. Solicitude exención da segunda lingua estranxeira.
13. Informe individual final de curso sobre as medidas de reforzó educativo (RE).
14. Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo.
15. Aspectos que recolle o Informe Psicopedagóxico.
16. Aspectos que recolle o Ditame de Escolarización.
17. Aspectos que recolle o Plan Específico de Reforzo.
18. Aspectos que recolle o Plan de Reforzo.
19. Aspectos que recolle o Plan Específico Personalizado.

9. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O equipo directivo é o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación deste Plan.

A finais de curso elaborárase dende a xefatura do DO unha memoria sobre a atención á diversidade ao logo do ano académico no centro, na que se recollerá a lo menos:

- Modificacións introducidas ao longo do curso.
- Información dos diferentes niveis educativos aportada polo profesorado titor e equipos docentes.
- Información aportada pola especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Información aportada pola orientadora.
- Propostas de mellora.

PLAN DE ORIENTACIÓN

CPI DE CERVANTES

2023-2024

ÍNDICE	Pág.
1. Introducción	3
1.1 Referencia legal e teórica	4
2. Xustificación baseada no contexto	5
2.1. Datos de identificación do Departamento de Orientación	6
2.2. Funcionamento	6
2.3. Detección de necesidades	8
2.4. Obxectivos	9
a) Obxectivos xerais.....	9
b) Obxectivos específicos	10
3. Planificación Xeral	13

3.1. Accións prioritarias para o curso 2023-24.....	13
a) Ámbito da acción tutorial.....	14
b) Ámbito de apoio o proceso de ensino – aprendizaxe	18
c) Ámbito da orientación académica e profesional	22
4. Actividades complementarias do DO	25
5. Metodoloxía.....	26
6. Recursos empregados	26
7. Seguimento e avaliación do plan.....	27
8. Apoios da Especialista en Pedagogía Terapéutica	30

1. INTRODUCCIÓN

A necesidade de planificar, deseñar, e estruturar a acción orientadora, responde a unha visión sistémica e preventiva da nosa acción, por ese motivo, este Plan Anual de Orientación pretende vertebrar a nosa práctica docente, adaptando as directrices máis xerais da nosa lexislación á realidade do noso centro educativo, inmerso nun contexto e nunha realidade cambiante, que caracterizan a comunidade na que imos desenvolver a nosa intervención.

Na elaboración do Plan tivéronse en conta, ademais das necesidades do C.P.I., identificadas a través da análise do PE, e doutros documentos do centro (NOFC, a Memoria do DO do curso pasado, e o plan de mellora).

A orientación enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e remata ó finalizar as ensinanzas non universitarias, tal e

como se recolle no Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenvolve dito Decreto.

A orientación debe enfocarse como unha actividade dentro do currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa.

Así mesmo, tomaremos como base das actuacións do Departamento de Orientación o Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os Centros Públicos e Integrados e as correspondentes circulares anuais, que regulan e dan coherencia aos servizos de orientación.

A programación do Departamento ven fundamentada, ademais nos seguintes textos legais:

- Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro (LOMLOE).
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a citada lei e as Orientacións para o deseño do Plan de Convivencia publicadas en abril de 2016.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia.
- Protocolos de actuacións establecidos no marco da Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025

1.1. Referencia legal e teórica.

Debemos facer referencia ao Decreto 229/2011 que regula as Medidas de Atención á Diversidade en Galicia, e que como novidade diferencia e define o absentismo, a desescolarización e o abandono

escolar temperá e regula accións para escolarizar a alumnado sometido a medidas penais, de protección e tutela, afectado por violencia de xénero, de acoso escolar ou pertencente a familias itinerantes.

Os Colexios Públicos Integrados son un tipo de centro característico de Galicia, regulados polo Decreto 7/1999 de 7 de xaneiro que se distinguen polo feito de impartir todo o ensino obrigatorio, aspecto que converte a este tipo de centros nun contexto privilexiado para desenvolver actuacións a longo prazo, dando así resposta ao concepto dunha orientación educativa que abrangue todo o ciclo vital do alumnado e non só os momentos de transición entre etapas. Así mesmo, dáse tamén unha posibilidade de coordinación entre etapas que outro tipo de estrutura escolar non ofrece. Facilitar a transición entre etapas educativas é unha das accións prioritarias dos departamentos de orientación recollidas na circular 10/2010.

No día a día do noso departamento traballamos mediante un enfoque de programas, sen esquecer que para poder desenvolver un traballo tan complexo de xeito global e sistémico este debe ser complementado por outros enfoques ou modelos de traballo. Os principais modelos complementarios serán o de consulta colaborativa e, de xeito máis puntual, o de asesoramento individualizado.

Finalmente, cómpre salientar para sentar as bases do presente Plan de Orientación, que a concepción da nosa labor non se limita exclusivamente ao traballo co alumnado, senón que se estende a tódolos membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias, así como ao entorno do centro educativo.

2. XUSTIFICACION BASEADA NO CONTEXTO

O CPI de Cervantes sitúase na localidade de San Román de Cervantes, na provincia Lugo. Trátase dun concello rural da comarca dos Ancares.

O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo e a maior parte da poboación adícase ó sector primario.

O centro escolariza a un total de 30 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito:

ETAPAS	Nº ALUMNADO
Educación Infantil	6

Educación Primaria	16
Educación Secundaria	8

En canto ó profesorado forma parte do equipo docente 17 profesores/as, a maioría con destino definitivo no centro.

O Departamento de Orientación é o espazo institucional dende o que se articulan as funcións de orientación e titoría no centro educativo, así como tamén as dunha oferta curricular adaptada e diversificada. Estas funcións teñen que incardinarse dentro da organización xeral do centro e nos documentos curriculares do mesmo, para darlle coherencia, operatividade e funcionalidade educativas.

2.1 Datos de identificación do Departamento de Orientación.

Na Orde 24 de Xullo de 1998 indícase que “os departamentos de orientación han de constituír dentro de cada centro o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ao profesorado, alumnado e ás familias.”

Sendo así consideramos necesario que o Departamento de Orientación (DO) sexa un elemento aberto e integrador no Centro e na comunidade educativa, polo que as súas intervencións deberán estar plenamente integradas no proceso educativo xeral e no marco curricular e, a súa labor non deberá ser illada nin paralela.

Partindo do disposto no artigo 3º do Decreto 120/98 o Departamento de Orientación estará constituído polos seguintes profesores durante o curso académico 2023/24:

Lorena Carreño Recarey	Xefa do Departamento de Orientación
María José Díaz Balboa	Especialista en Pedagogía Terapéutica
Mª Jesús Gil Castro	Profesora do ámbito lingüístico
Sara Noelia Pereira Costa	Titora do ámbito científico-tecnolóxico
Rubén Ceide Martínez	Titor de Educación Primaria
Pablo Gómez Esqueira	Director, docente de Educación Primaria
Rocío Vilar Arias	Titora de Educación Primaria

2.2 Funcionamento

A posta en marcha do plan anual de orientación levarase a cabo implicando non só ós integrantes do Departamento de Orientación, senón tamén a todo o profesorado e ás familias.

A labor de intervención vai dirixida principalmente á prevención de dificultades sen esquecer a función compensadora, incidindo principalmente no contexto escolar e social do alumnado.

A reunión mensual do departamento terá lugar 1º venres de cada mes ás 16:15 horas.

As funcións do departamento de orientación e de xeito concreto de cada un dos seus membros, están recollidas na Orde de 24 de xullo de 1998, sendo un dos referentes para elaborar esta programación.

Nesta mesma liña, sinalar que gran parte da nosa actuación desenvolverase mediante a participación en diversas estruturas do Centro:

- ✓ Comisión de Coordinación Pedagóxica: a Xefa do Departamento e as profesoras de Pedagogía Terapéutica asistirán a todas as reunións da CCP que se convoquen, asesorando cando corresponda respecto aos temas que se traten na orde do día.
- ✓ Xuntas de avaliación: a Xefa do Departamento asistirá a todas as xuntas de avaliación. A profesora de Pedagogía Terapéutica asistirá naqueles grupos nos que teña alumnado.
- ✓ Equipo Directivo: manteremos un contacto constante co Equipo Directivo, ao que se comunicarán as actuacións que levamos a cabo, así como a súa finalidade e desenvolvemento. Este contacto será especialmente directo coa Xefatura de Estudos.
- ✓ Reunións de coordinación con titores/as: a Xefa do Departamento de Orientación participará en reunións cos titores/as para coordinar e establecer plans de traballo; ademais, participará asesorando nos temas que se considere oportuno e proporcionará o material necesario para as titorías.

Dende orientación tentarase, en todo momento, favorecer un clima de cooperación, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado. O departamento de orientación pretende ser unha entidade colaboradora en todo momento con calquera membro da

comunidade educativa, así como estar dispoñible para calquera iniciativa proposta por titores/as, profesorado, familias e/ou alumnado.

O referido anteriormente non exime de que haxa situacións que requiran unha atención máis individual con docentes, alumnos e familias. Ambas perspectivas, o traballo en grupo e a atención personalizada deben complementarse.

2.3. Detección de necesidades

A avaliación de necesidades consiste no uso de diferentes instrumentos, metodoloxías e momentos, nos que extraer do noso entorno, e dos ámbitos que nos competen, que demandas e que dificultades se están a manifestar.

Para recoller esta información empregaremos ferramentas estandarizadas, pero tamén elaboraremos instrumentos propios, por estar máis adaptados ao contexto.

a) Necesidades detectadas entre o alumnado

- Fomentar un clima de respecto e tolerancia ante a diversidade, así coma o rexeitamento ante o maltrato entre iguais.
- Fomento do gusto pola lectura e o hábito lector.
- Mellora da comprensión lectora como base para a adquisición de hábitos de estudo e técnicas de traballo intelectual.
- Reflexión sobre a realidade de diversidade de capacidades do ser humano e desenvolvemento de capacidade de empatía.
- Prevención de condutas e estereotipos sexistas.
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Orientación vocacional ao longo de toda a escolaridade obrigatoria, con especial atención ás transicións educativas.
- Fomento da autoestima e o autoconceito como vía para acadar o pleno desenvolvemento persoal e social.
- Favorecer a educación emocional e o hábitos de vida saudables.

b) Necesidades Detectadas no Equipo Docente

- Asesoramento en relación ás medidas de atención á diversidade.

- Dinamización da función titorial.
- Asesoramento durante o desenvolvemento dos distintos programas.
- Asesoramento en relación cos diferentes Protocolos e Plans da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) Necesidades detectadas nas familias

- Asesoramento sobre pautas educativas para desenvolver no fogar, especialmente no relativo ao fomento dos hábitos de estudo e a erradicación de prexuízos de xénero.
- Información sobre as posibilidades académicas e profesionais para os seus fillos e fillas.
- Proposta de actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.
- Colaboración na relación co profesorado titor, potenciando a figura das titorías como o primeiro eslavón da cadea da orientación.

d) Necesidades detectadas con respecto ao centro:

- Favorecer a relación coas familias do alumnado para conseguir a súa implicación nas actividades do centro.
- Mellorar a coordinación coas institucións da zona, o centro debe facerse máis permeable, para aproveitar os recursos que existen.
- Dar a coñecer a acción educativa do centro ao entorno.
- Favorecer a identidade do centro como promotor dos valores de igualdade, equidade e respecto pola diversidade.

2.4. OBXECTIVOS

a) Obxectivos xerais

Como é lóxico, as necesidades detectadas son moi numerosas e atinxen a diferentes membros da comunidade e a diferentes ámbitos de traballo, polo que nos vemos na obriga de establecer uns criterios de prioridade, seguindo a Circular 10/2010, para dar preferencia a aquelas demandas que a lexislación nos recomenda atender de xeito máis inmediato, sen que isto supoña desatender aquelas que, por impacto, frecuencia ou relevancia poidan ser tamén respondidas durante este curso. Ademais buscarase no alumando a adquisición dos coñecementos e as competencias que permiten desenvolver os valores

da cidadanía democrática, a vida en común, o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.

Obxectivos xerais:

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa.
2. Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando estas se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, evitando no posible o abandono ou a inadaptación escolar.
3. Resaltar os aspectos orientadores da educación “ Orientar na vida e para a vida”, atendendo ao contexto real do alumnado e ao futuro que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.

En síntese, estes obxectivos poden concretarse nos seguintes ámbitos:

- a) O desenvolvemento integral da persoa.
- b) A atención á diversidade.
- c) A preparación para unha toma de decisións responsable e madura.
- d) A prevención de abandonos e inadaptacións escolares.

b) Obxectivos específicos

Para acadar ditos obxectivos xerais, propoñémonos unha serie de obxectivos específicos para o presente curso 2023/24, que se derivan das necesidades detectadas no centro, o profesorado e o alumnado recollidas no apartado anterior do Plan. É necesario sinalar que as necesidades no eido da orientación educativa son moitas máis das aquí sinaladas. Formulamos unha serie de obxectivos que consideramos realistas, que se poden acadar e abordables nun ano académico.

b.1) Obxectivos específicos referidos ao alumnado

- a) Realizar avaliacións psicopedagóxicas ao alumnado cando se detecten posibles dificultades de aprendizaxe e sexa solicitado polo profesorado, familias ou por sospeita do propio Departamento de Orientación.
- b) Detectar e facer un seguimento das dificultades de aprendizaxe e das necesidades educativas en xeral, e establecer en consecuencia, os apoios necesarios, evitando no posible abandono, fracaso ou inadaptación escolar.

- c) Desenvolver a comprensión lectora como base para todo aprendizaxe e para a adquisición de técnicas de estudio e traballo intelectual.
- d) Favorecer no alumnado o coñecemento, a aceptación de si mesmo, a súa autoestima e a mellora de habilidades sociais.
- e) Desenvolver habilidades sociais que favorezan a convivencia, a expresión de diferentes puntos de vista e opinións propias, respectando as dos demais e fomentando a solidariedade no noso alumnado.
- f) Facilitar ao alumnado a orientación, apoio e asesoramento necesarios para que adquiran as habilidades e estratexias necesarias para enfrontarse con éxito ós momentos escolares máis críticos e decisivos.
- g) Orientar ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, non só ao final da ESO senón durante toda a súa escolarización.
- h) Fomentar a madurez dos escolares para a toma de decisións respecto o seu futuro académico e profesional.
- i) Desterrar estereotipos de xénero e condutas discriminatorias cara calquera tipo de identidade de xénero e sexual.
- j) Fomentar unha actitude reflexiva cara as diferentes capacidades, a empatía e a axuda e respecto ao outro.
- k) Promover actividades que favorezan a integración, a convivencia e a participación dos estudantes nas actividades do centro e do entorno (elección de representantes, festas, excursións, actividades culturais, etc.).

b.2) Obxectivos específicos referidos ao profesorado

- a) Colaborar co equipo directivo e co equipo docente na posta en marcha das medidas necesarias para asegurar a continuidade e coherencia da acción educativa nos diferentes cursos.
- b) Dinamizar a función titorial, deseñando o Plan de Acción Titorial en colaboración cos titores, proporcionando asesoramento e facilitando os recursos e materiais necesarios..
- c) Asesorar ao profesorado en prevención de DA, intervención con alumnos e alumnas con baixo rendemento, deseño, aplicación e avaliación de medidas de atención á diversidade, seguimento e avaliación do proceso de E-A.

- d) Coordinar a acción do D.O. cos departamento didácticos mediante unha tarefa conxunta destes e do profesorado de apoio.
- e) Implicar coa colaboración do equipo directivo á comunidade educativa na creación dun clima educativo de centro baseado na convivencia, no respecto e na tolerancia.
- f) Colaborar no asesoramento e orientación sobre os itinerarios formativos ou de inserción laboral dos alumnos/as.

b.3) Obxectivos Específicos referidos ás familias

- a) Asesorar ás familias en pautas, modelos e estratexias educativas, e temáticas de especial interese para a etapa dos seus fillos/as.
- b) Informar ás familias dos aspectos relativos ao comportamento e ao rendemento académico do alumnado. Traballar coas expectativas, necesidades e problemas, non só en base ás cualificacións obtidas, se non tendo en conta a evolución persoal de cada un/unha.
- c) Concienciar da importancia do modelado na erradicación de prexuízos, con especial atención aos de xénero.
- d) Establecer canles de comunicación fluída para informalas das posibilidades académicas e profesionais das súas fillas e fillos, nas cales se dea preponderancia á figura do profesorado titor/a.
- e) Promover a cooperación entre o centro e as familias.

b.4) Obxectivos Específicos referidos ao Centro

- a) Colaborar na planificación e organización de toda clase de actividades educativas, tanto escolares como extraescolares.
- b) Fomentar a idea de que a orientación académica e profesional do alumnado é unha tarefa de todas e todos baixo a coordinación do departamento de orientación, e que se debe desenvolver ao longo de toda a escolarización do alumnado.
- c) Promover medidas de carácter preventivo en tódolos eidos: dificultades de aprendizaxe, problemas de conduta e/ou convivencia, toma de decisións vocacionais, etc.
- d) Demandar colaboración nas actividades promovidas polo DO, e a inserción da orientación nos diferentes deseños curriculares de forma interdisciplinar.

3. PLANIFICACIÓN XERAL

3.1. Accións Prioritarias para o curso 2023-24

Seguiremos as indicacións establecidas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta as peculiaridades do noso centro.

En relación coa inclusión e a diversidade, realizaremos accións de asesoramento ao Equipo Directivo sobre o PE sobre medidas de Atención á Diversidade, e o novo Plan de Igualdade; Elaboración de programas destinados á detección precoz e á prevención de dificultades de Aprendizaxe, así como axustar as propostas de apoio educativo.

- 1) Presentar á CCP e ao Claustro de profesores unha proposta dos programas a desenvolver nos distintos ámbitos para o presente curso, concretando así o establecido no Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Académica e Profesional e no Plan de Atención á Diversidade.
- 2) Adquisición de material bibliográfico e informático para manter actualizado o DO e ter un banco de recursos de utilidade non só para o orientador/a senón para toda a comunidade educativa.
- 3) Actualizar a páxina web do CPI con información de utilidade para os alumnos/as, profesorado e familia.
- 4) Recollida de demandas puntuais, así como o establecemento e estudio conxunto das formas de intervención posible.
- 5) Propoñer diferentes canles de asesoramento ao profesorado, para facilitar e favorecer o desenvolvemento dos programas que se propoñen (consulta colaborativa, carpetas con documentación, correo electrónico, postas en común, follas de derivación, etc..)
- 6) Elaboración dunha memoria final sobre o funcionamento do plan de orientación e a proposta de melloras para o curso seguinte.

Atendendo ás necesidades detectadas, e aos obxectivos formulados, propoñemos agora, os programas de intervención. Estes xirarán en torno aos tres ámbitos de actuación do Departamento de Orientación, que se relacionan entre sí, e mesmo son dependentes os uns dos outros, pero ofrecemos esta división para facilitar a comprensión e visión sistematizada da nosa proposta.

A) ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial forma parte do Proxecto Educativo do noso centro e será o profesorado titor o que o leve á práctica. Este atenderá ao desenvolvemento, maduración, orientación e aprendizaxe da totalidade de alumnado da ESO, levarase a cabo de forma conxunta, debido ao volume de alumnado que hai no noso centro educativo. Dende o marco teórico e a normativa actual que o desenvolve, considérase a **acción titorial como unha función inherente á función docente**. Forma parte do currículo, está integrada no mesmo e **desenvólvese como unha medida xeral de calidade e de atención á diversidade**.

🔗 ACCIÓNS PRIORITARIAS DA ACCIÓN TITORIAL

- 1) Preparación, organización e entrega de material específico con actividades dos distintos programas dos ámbitos para entregarlle as titoras para desenvolver na hora de titoría presencial.
- 2) Colaborar na realización do consello orientador de final de curso, facilitando modelos e/ou información.
- 3) Colaboración da orientadora nas sesións de titoría.

A.1) OBXECTIVOS XERAIS

- Colaborar directamente na organización global das funcións de orientación e titoría proponendo criterios e liñas de actuación prioritarias dentro do PAT do centro.
- Favorecer a mellora continua da acción titorial colaborando no desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan do centro.
- Facilitar o seguimento e atención individual do alumnado en situación de risco por medio da acción titorial personalizada.
- Facilitar e colaborar cos titores no desenvolvemento do PAT, aportando recursos, criterios de actuación, asesoramento técnico e materiais diversos.
- Incrementar e mellorar os recursos dispoñibles no centro para o desenvolvemento da acción titorial.

- Promover a colaboración das familias na tarefa educativa que se desenvolve no centro.

A.2) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Alumnado:

- Facilitar a integración e participación dos alumnos/as no seu grupo e no centro educativo.
- Favorecer o proceso vocacional de todos os alumnos/as de forma diversificada en función de os distintos niveis e etapas educativas.
- Fomentar hábitos e técnicas de estudo e de traballo intelectual.
- Acadar que o alumnado comprenda o funcionamento do centro e se adapte aos compañeiros/as e profesores/as.
- Favorecer o desenvolvemento da propia identidade, o equilibrio persoal, a madurez persoal e social, o seu sistema de valores e a autoestima nos nosos alumnos e alumnas.

Profesorado:

- Aumentar o nivel de coordinación entre titores/as.
- Ampliar a comunicación entre titor/a e resto do profesores do grupo e dotar de maior peso o papel de coordinador que ten o titor/a.
- Concienciar ós propios titores/as da importancia do traballo a desenvolver na hora de titoría cos alumnos/as .

Familias:

- Optimizar os procesos de comunicación coas familias.
- Promover a mellora das relacións interpersoais entre titor/a, familia e alumnado.

A.3) CONTIDOS

- Contidos para as titorías (habilidades sociais, xestión emocional, técnicas de traballo intelectual, valores positivos para a convivencia...).
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Habilidades comunicativas, mediación e procesos informativos coas familias.

A.4) ACTIVIDADES

EDUCACIÓN INFANTIL

Actividades de recepción dos alumnos/as:

- Entrevista estruturada individual co obxectivo de conseguir o maior grao de información sobre o alumno/a e as súas familias.

- Reunión cos pais/nais para informarlles sobre as características do centro e do ciclo no que ingresa o seu fillo/a, as normas que deberán cumprir durante o curso.

Actividades relacionadas coa participación dos pais/nais na educación infantil

- Contacto continuado dos pais/nais coas actividades da aula.
- Participación dos pais/nais en actividades complementarias.

Actividades relacionadas coa avaliación do proceso formativo

- Reunións periódicas da profesora coordinadora de educación infantil e da orientadora para valorar a evolución dos nenos/as.

PRIMARIA

1º TRIMESTRE:

- Presentación do profesor/a, do grupo de alumnos e do horario a seguir.
- Normas de centro e de aula.
- Avaliación inicial para a detección de posibles necesidades educativas e intervención psicopedagóxica en relación coas mesmas.
- Participación das familias: reunión conxunta informativa cos pais/nais do grupo- aula e reunións individuais.
- Participar nos programas que sexan concedidos do Plan Proxecta.

2º TRIMESTRE

En todos os cursos realizaranse as seguintes actividades:

- Posta en marcha de programas en relación cos resultados da avaliación realizada a nivel de grupo (reforzamento das técnicas instrumentais básicas si é preciso).
- Participación da familia: reunións individuais.
- Desenvolvemento dos programas Plan Proxecta.
- Preparación da 2ª avaliación.

3º TRIMESTRE

- Continuación dos programas iniciados no 2º trimestre.
- Participación das familias: reunións individuais.
- Desenvolvemento e avaliación dos programas do Plan Proxecta.
- Preparación da 3ª avaliación.

1º TRIMESTRE

- Organización do tempo de estudo e de lecer.
- Dereitos e deberes do alumnado
- Hábitos de vida saudables.
- Avaliación inicial para a detección de posibles necesidades educativas e intervención psicopedagóxica en relación coas mesmas.
- Actividades encadradas dentro do Plan Proxecta.

2º TRIMESTRE

- Continuación cos programas iniciados no trimestre anterior.
- Atención individualizada a casos concretos en torno a temas de carácter persoal, escolar ou vocacional.
- Actividades de desenvolvemento da personalidade: programa de habilidades sociais, afectividade, xestión emocional, etc.
- Seguimento cas titoras dos diferentes grupos dos programas ou actividades que estamos a desenvolver cos alumnos/as seguindo as necesidades detectadas.
- Continuación dos programas do Plan Proxecta.
- Preparación da 2ª avaliación.

3º TRIMESTRE

- Atención a dificultades que poidan xurdir a nivel de grupos ou na atención a casos concretos en torno a temas de carácter persoal, escolar ou vocacional.
- Seguimento cos titores/as do funcionamento do grupo.
- Posta en marcha do Programa de Orientación Académico -Profesional (POAP)
- Facilitar a participación e colaboración das familias na posta en marcha do POAP a través de reunións colectivas e individuais.
- Continuación e avaliación dos programas do Plan Proxecta.
- Reunións individuais e entrevistas coas familias.
- Preparación da 3ª avaliación.

🔗 TEMPORALIZACIÓN

As actividades que se propoñen, están secuenciadas ao longo do curso, repartidas nos tres trimestres e atendendo ás diferentes necesidades e intereses de cada un dos niveis educativos.

A finalidade fundamental é a de fomentar a cohesión do grupo, mellorando as relacións interpersoais, o coñecemento mutuo, a cooperación entre o alumnado e a reflexión acerca do momento evolutivo no que se atopan.

B) AMBITO DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE

Na realidade educativa atopámonos con alumnos/as que presentan de forma temporal ou permanente unha **necesidade específica de apoio educativo (NEAE)** e, por iso, dende o departamento de orientación preténdese colaborar no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, ben mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan nos ámbitos que, interrelacionados cos procesos de ensino e aprendizaxe, manifestan a diversidade.

Tendo en conta os **principios de normalización, inclusión e integración** buscáranse as estratexias de intervención máis apropiadas para responder á diversidade.

🔗 ACCIÓNS PRIORITARIAS DO ÁMBITO DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE

- 1) Propoñer criterios e procedementos para organizar as actividades de apoio educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- 2) Establecemento do procedemento de actuación para a aplicación de medidas de atención á diversidade (MAD).
- 3) Realización de avaliacións e informes para a incorporación e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- 4) Avaliación psicopedagóxica de alumnado con NEAE.
- 5) Establecemento de contacto co Equipo de Orientación Específico nos casos que fosen necesarios.

B.1) OBXECTIVOS XERAIS

- Favorecer a atención temperá e a prevención de problemas e dificultades nas áreas instrumentais básicas.
- Potenciar a comprensión lectora e o hábito e gusto pola lectura dende as áreas do currículo, co fin de acadar un maior éxito escolar do alumnado.

- Colaborar co equipo docente e o equipo directivo na elaboración de propostas e posta en marcha de medidas relativas á atención a diversidade para mellorar o proceso ensino-aprendizaxe.
- Prevención e erradicación do fracaso escolar, de xeito que todo o noso alumnado teña as mesmas oportunidades para o desenvolvemento e para o logro das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

B.2) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Alumnado:

- Valorar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas do centro en relación coa integración, as técnicas de estudo e as estratexias de aprendizaxe.
- Potenciar o aprendizaxe autónomo e o rendemento escolar do alumnado, principalmente nas áreas instrumentais.
- Favorecer a implicación do alumnado nas aprendizaxes escolares e aumentar a súa motivación.
- Mellorar no alumnado a comprensión lectora.

Profesorado:

- Asesorar ao profesorado no tratamento educativo dos alumnos/as que presentan dificultades de aprendizaxe.
- Coordinar a actuación docente do profesor/a de área e o especialista en pedagogía terapéutica.

Familias:

- Potenciar a cooperación entre as familias e o centro, no marco das actuacións a detención e prevención das dificultades de aprendizaxe.

B.3) CONTIDOS

- Habilidades cognitivas básicas (memoria, atención e percepción)
- Técnicas instrumentais básicas (razoamento, lectoescritura e cálculo)
- Motivación e Tics
- Técnicas de estudo
- Competencias clave

B.4) ACTIVIDADES

🔗 ACTIVIDADES CO ALUMNADO

- Realizar as avaliacións psicopedagógicas que se estimen oportunas e en consecuencia, tomar as medidas educativas que se consideren necesarias.
- Seguimento do alumnado con NEAE.
- Programa de técnicas de estudo e traballo intelectual.
- Planificación do seu traballo con compromiso explícito das familias.
- Ofrecer asesoramento puntual para os temas que se demanden.

🔗 ACTIVIDADES CO PROFESORADO

- Asesorar ao profesorado nas medidas de atención á diversidade.
- Desenvolvemento da avaliación inicial.
- Establecer canles de comunicación e colaboración entre o departamento de orientación, os titores/as e o equipo docente para tratar aspectos relativos as medidas de atención á diversidade e o como poder levar a práctica as actuacións propostas.
- Atención ás demandas propostas polos equipos docentes nas sesións de avaliación.

🔗 ACTIVIDADES COAS FAMILIAS

- Reunións individuais das familias coa orientadora para facer o seguimento do alumnado, especialmente do que presenta NEAE.
- Proporcionar información relevante e orientacións sobre posibles dificultades detectadas.
- Avaliación dos casos demandados.

- Atención a todas as demandas que se soliciten.

🔗 **TEMPORALIZACIÓN**

As actividades están planificadas para o seu desenvolvemento ao longo do presente curso escolar. No primeiro trimestre incidirase máis na organización e planificación do estudo, así como no asentamento das técnicas de estudo. Os contactos coas familias serán periódicos e estenderanse ao longo de todo o curso para coñecer, informar e asesorar en todo o relativo ao proceso educativo do seu fillo/a.

C) ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

O POAP intenta dinamizar a Orientación académico-Profesional do alumnado. Neste centro primará a orientación académica iniciando a Orientación Vocacional a través do proceso de Toma de decisións e coñecemento do mundo laboral e con especial incidencia nos cursos de 3º e 4º da ESO.

🔗 **ACCIÓNS PRIORITARIAS DO AMBITO DA ORIENTACIÓN VOCACIONAL E PROFESIONAL**

- 1) Deseño e desenvolvemento de accións tendentes ao coñecemento das etapas posteriores para o alumno/a que remata estudos.
- 2) Introducción na páxina web do instituto de toda a información que elabora o departamento de orientación referido á aspectos vocacionais (prazos, matrículas, requisitos, bolsas ...).
- 3) Aplicación de cuestionario para coñecer as opcións vocacionais do alumnado nos últimos cursos.
- 4) Difusión de documentación sobre o acceso aos ciclos formativos.
- 5) Asesoramento vocacional e profesional as familias dos alumnos/as do centro.

C.1) OBXECTIVOS XERAIS

- Favorecer o desenvolvemento da madurez vocacional e a toma de decisións no alumnado.
- Promover a organización global das funcións da orientación académica e vocacional que se desenvolvan no centro aportando criterios e liñas de traballo prioritarias dentro do POAP.

C.2) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Alumnado:

- Coñecer os niveis de madurez vocacional do alumnado e os seus intereses profesionais ou académicos, facilitándolle procesos de orientación colectiva ou individual, en caso de ser necesario, para lograr mellorar a súa madurez persoal e capacitalle para as futuras decisións que deberan tomar sobre o seu futuro académico ou profesional.
- Dar apoio ao alumnado nos momentos críticos que teñen lugar nas diferentes etapas do sistema educativo, introducindo a variable xénero no acceso ás titulacións e o mundo laboral.
- Achegar ao alumnado un coñecemento preciso do Sistema Educativo e das súas posibilidades, así como proporcionar un coñecemento do mundo profesional.

Profesorado:

- Proporcionar o asesoramento que sexa preciso para que poidan colaborar nas tarefas de orientación vocacional e profesional dos seus alumnos/as, dende as súas áreas curriculares e dende a titoría, no caso de ser tutores/as.
- Facilitarlles o coñecemento das novidades legislativas e os correspondentes cambios no sistema educativo.

Familias:

- Facilitar ás familias a información precisa e as orientacións máis convenientes co obxecto de que favorezan os procesos de reflexión e toma de decisión persoal dos seus fillos/as sobre o seu futuro vocacional e, ao mesmo tempo, propiciar a formación dunha actitude de colaboración aberta coas decisións vocacionais dos seus fillos/as.
- Asesorar e colaborar coas familias no apoio e fomento da autonomía na toma de decisións dos seus fillos/as

C.3) CONTIDOS

- Coñecemento dun mesmo.
- Expectativas familiares.
- Coñecemento do sistema educativo.
- Coñecemento do mercado laboral.
- Toma de decisións.
- Proxecto persoal de vida.

C.4) ACTIVIDADES

🔗 ACTIVIDADES COS ALUMNOS/AS:

➤ Autocoñecemento

Este bloque de actividades pretende axudar ao alumnado a afondar no coñecemento de si mesmos, fundamentalmente das súas aptitudes e intereses, para que adopten unha visión realista e positiva sobre si que lles sirva como base á toma de decisións sobre o seu futuro vocacional.

➤ Coñecemento do mundo académico e laboral

Este bloque deberá incluír tanto o coñecemento do mundo académico como o coñecemento do mundo laboral. O bloque está baseado fundamentalmente na información de tal maneira que está deseñado por apartados que se consideren de interese para o alumnado deste centro segundo o curso que estean cursando. A información que reciban diversificarase segundo cursos e será proporcionada de forma grupal pola orientadora e de forma individual a través de consultas que no departamento de orientación formule o alumnado. Esta información versará sobre as materias a cursar en ámbolos cursos, materias optativas de 3º e 4º, itinerarios en 4º da ESO , criterios de promoción e titulación, modalidades de bacharelatos, estrutura da formación profesional, Formación Profesional Básica, outras formas de obtención do título de Graduado en Educación Secundaria, probas de acceso a ciclos formativos, estudos universitarios, técnicas de busca de emprego...

➤ Toma de decisións

Este último bloque pretende ser unha reflexión de todo o proceso seguido anteriormente con vistas a que os alumnos/as tomen unha decisión vocacional acorde co seu momento evolutivo e académico; esta pode ser sobre elección de optativas, elección de modalidade de bacharelatos, de ciclo formativo de grao medio...

🔗 ACTIVIDADES COS PROFESORES/AS:

- Informar a todo o profesorado da posta en marcha do POAP e solicitar a súa colaboración.
- Asesorar aos titores/as no seu desenvolvemento.

🔗 ACTIVIDADES COAS FAMILIAS:

- Reunións individuais ao longo do curso sempre que as familias as demanden.

🔗 TEMPORALIZACIÓN

Os bloques de contido irán desenvolvéndose ao longo do actual curso escolar. No primeiro e segundo trimestre incidirase no coñecemento de si mesmo e o coñecemento do mundo académico e laboral para no terceiro trimestre traballar de forma máis específica e individual o proceso de toma de decisións. Parte das actividades do POAP levaranse a cabo nas horas de titoría, polo que irán incluídas no PAT.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ACTIVIDADE	ORGANISMO	TEMPORALIZACIÓN	ETAPA
Plan Proxecta: <i>Donas de si</i>	Consellería de Educación/ Equipo docente	Todo o curso	Todas
Plan Proxecta: <i>Protexe os animais</i>	Consellería de Educación/ Equipo docente	Todo o curso	Todas
Plan Proxecta: <i>Nos tamén creamos</i>	Consellería de Educación/ Equipo docente	Todo o curso	Educación infantil e primaria
Obradoiro <i>Habilidades sociais e prácticas restaurativas</i>	Departamento de orientación	1º trimestre	Educación primaria
<i>Ciberseguridade e acoso escolar</i>	Garda Civil	2º trimestre	2º ciclo educación primaria
Plan director: <i>Internet e redes sociais</i>	Garda Civil	2º trimestre	ESO
<i>Educación afectivo - sexual</i>	D.O. profesorado, <i>Quérote mais</i>	2º trimestre	ESO
<i>Programa A Ponte</i>	USC	3º trimestre	ESO
<i>Charlas Orientación Académica e profesional</i>	Departamento de orientación	3º trimestre	6º EP ESO
<i>Saída de orientación académica e vocacional</i>	IES de Becerreá	3º trimestre	ESO

5. METODOLOXÍA

Vai ser aquela que promova a cooperación e participación activa de tódolos implicados, baseada nos principios educativos construtivistas e interactivos que actualmente plantexa o noso modelo educativo vixente e nos que se fundamenta a acción orientadora. É un modelo de intervención baseado nos principios de prevención, desenvolvemento, sistematizade e curricularidade.

6. RECURSOS EMPREGADOS

Os recursos son os medios que facilitarán a posta en marcha deste plan anual de orientación. Cabe sinalar que debemos coñecer cales son os recursos aos que temos acceso para conseguir que esta programación sexa viable na dimensión práctica.

Os **recursos empregados** neste plan serán aqueles cos que conte o centro, tanto **materiais como persoais e organizativos**, procurando sempre un rendemento óptimo e un mellor aproveitamento dos recursos existentes. Non obstante poderán adquirir aqueles outros que se estimen oportunos para o desenvolvemento deste plan de orientación.

🔗 **Recursos materiais**, estes poden ser:

- Os materiais do departamento de orientación.
- Material da biblioteca.
- Documentos do centro (PE, PXA, PXAD, PAT, POAP, NOFC, Plan de Convivencia)
- Material elaborado polo DO (folletos, cuestionarios, grellas avaliativas, folletos informativos, fichas ...).
- Material bibliográfico.
- Material en soporte dixital.
- Probas psicométricas.

🔗 **Recursos persoais**.

- A nivel interno podemos contar co Equipo Directivo, co Equipo Docente, membros do DO, profesorado titor, as familias do alumnado, e o persoal de servizos.

- A nivel externo contamos co Equipo de Orientación Específico, Servizo de Inspección, Centro para o Desenvolvemento Rural Ancares.

🔗 **Recursos organizativos.** Estes fan referencia aos espazos e os tempos dos que dispón o DO para poder implementar o plan de orientación.

- As reunións do DO.
- As reunións co profesorado titor.
- As sesións de avaliación.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- As reunións de coordinación coa xefa de estudos.
- O horario do DO.
- A atención ás familias.
- A hora de atención presencial ao alumnado da ESO.

Os recursos buscarán potenciar os mecanismos de coordinación, comunicación e intercambio de información entre os diferentes axentes educativos; de aí a **importancia dos recursos de carácter organizativo**.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACION DO PLAN.

O Plan anual do Departamento de Orientación someterase a **un proceso continuo de avaliación formativa**. As actividades de orientación irán encamiñadas a:

- Obter máis e mellor información sobre as características do sistema socioeducativo no que se atopa o alumnado (avaliación de necesidades – análise do contexto).
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar ditos deseños co fin de lograr unha maior eficacia.
- Valorar en que medida logramos os obxectivos propostos.

A avaliación do Plan Anual de Orientación levarase a cabo ó longo de todo o proceso e terá un carácter formativo, o que permitirá facer as revisións ou modificacións que se estimen oportunas, ademais de ter en conta os posibles imprevistos que poidan xurdir. Contemplará os tres momentos clave en todo proceso avaliador:

a) Avaliación inicial ou avaliación de necesidades. Implica a recollida de datos para a detección de necesidades, realizada a través das suxestións aportadas nas reunións do Departamento de

Orientación, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e nas reunións, nos claustros, da aplicación de distintos instrumentos, etc.

b) Avaliación continua. Consistente no seguimento da posta en marcha do plan de orientación. Trataríase de recoller información a través das reunións periódicas do Departamento de Orientación coa Comisión de Coordinación Pedagóxica, cos/as titores e nas sesións de avaliación sobre as actividades realizadas. A **finalidade** é ir optimizando o plan a medida que se vai implementando.

c) Avaliación final. É o punto final do noso proceso avaliador. Levarase a cabo ao remate do curso e os seus resultados incluíranse na memoria anual xunto con outros datos solicitados e aportados polos distintos implicados no plan de orientación. Estes servirán de base para manter, modificar ou eliminar aqueles aspectos do plan de orientación que se considere preciso.

A partir desta avaliación final **realizarase a memoria final** do DO cos datos achegados polo profesorado titor, os Departamentos así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. cos alumnos/as, familias e docentes, na que se recolleran os datos e valoracións máis importantes do proceso de avaliación. Na elaboración da memoria participarán todos os membros do departamento coas súas achegas e propostas e a redacción final será responsabilidade da xefa do DO.

A **finalidade** desta avaliación é tomar decisións respecto á mellora do deseño e intervención orientadora para o vindeiro curso. Esta avaliación concretarase nun **plan de mellora** que recollerá todos aqueles aspectos a manter, modificar e/ou abandonar nun futuro próximo. Considerase o punto de partida para planificar a orientación do curso académico seguinte.

Os **criterios ou indicadores de avaliación** que se terán en conta neste proceso avaliador son:

- Grao de adecuación das diferentes actuacións e programas ás necesidades prioritarias e aquelas outras que vaian xurdindo no decorrer do curso escolar.
- Grao de consecución dos obxectivos previstos.
- Nivel de participación e adecuación da resposta da orientadora á través das actuacións.
- Nivel de dificultades que xorden no desenvolvemento das actuacións e adecuación da resposta outorgada.
- Nivel de participación, implicación e satisfacción tanto dos destinatarios como axentes educativos ós que se dirixe este Plan.
- Grao de adecuación dos tempos contemplados para desenvolver as actuacións e programas e suficiencia e adecuación dos recursos previstos.

- Grao de discrepancia entre as actuacións planificadas e as desenvoltas na realidade.

Os instrumentos e actividades de avaliación:

- Análise e valoración das actuacións desenvoltas nas reunións periódicas da coordinación de titoría.
- Análise e valoración dos departamentos didácticos nas reunións da CCP.
- Cuestionario de autoavaliación, tanto para o DO como para titores/as.
- Fichas de observación.
- Intercambios orais.
- Análise da participación (das familias nas reunións e entrevistas, do alumnado nas actividades propostas, número de demandas e consultas formuladas ao DO, uso dos materiais e recursos bibliográficos do DO ...).
- Sesións de avaliación.

APOIO DA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN.

Para a organización dos apoios temos en conta os seguintes aspectos:

6. O horario da aula ordinaria en combinación co horario dos demais cursos para establecer as sesións nas que cada alumno ou alumna recibe apoio individualizado sexa dentro ou fóra da súa aula de referencia.
7. O apoio realizarase nas áreas instrumentais básicas: matemáticas, lingua castelá e literatura e lingua galega e literatura.

8. O número de sesións determinarase en función das necesidades específicas de apoio educativo que existan en cada caso. Será flexible e estará en función dos progresos do alumnado.
9. Polo menos unha vez á semana levarase a cabo a coordinación entre a profesora de apoio e o profesorado de área para preparar material, facer seguimento, establecer acordos e unificar determinadas pautas de actuación.
10. O alumnado que asista á aula de apoio agruparase en función das súas necesidades, do seu nivel de competencia curricular, do seu estilo de aprendizaxe...
11. Tanto no RE como si se da o caso de AC partiremos dunha valoración inicial que nos poña de manifesto cal é o seu nivel de competencia curricular, cales son os contidos mínimos que se deben reforzar, así como o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
12. Na sesión semanal de coordinación de atención á diversidade conxunta de PT e orientadora faise o seguimento do apoio ao alumnado.

O perfil xeral do alumnado que recibirá apoio individualizado por parte da profesora de P.T. ben sexa dentro ou fóra da aula será o seguinte:

4. De xeito prioritario proporcionarase apoio individualizado ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo de carácter permanente que lle impiden seguir o currículo ordinario do nivel educativo que lle correspondería por idade e que precisan que se lle modifiquen os obxectivos, contidos e criterios de avaliación mediante unha Adaptación Curricular.
5. Alumnado procedente do estranxeiro que presente un desfase curricular significativo en relación ao nivel educativo que lle correspondería por idade.
6. Alumnado que non promociona dado que non logrou os obxectivos correspondentes ao curso realizado e por tanto permaneza por segunda vez nalgún dos niveis da etapa.
7. Alumnado que promocionase sen acadar os obxectivos do nivel educativo correspondente.

De entre todos os que se atopan nas situacións descritas anteriormente os equipos docentes xunto coa Orientadora e a profesora de P.T, á vista, entre outros, dos datos da historia escolar, e situación persoal de cada alumno e alumna adoptarán a decisión final de que reciba ou non apoio.

A continuación inclúese un cadro onde se especifican as sesións nas que se levan a cabo as distintas intervencións. A distribución dos apoios foi realizada polo Dpto. de Orientación en colaboración cos titores/as e profesorado de área dos distintos grupos aos que pertence o alumnado e por suposto en consonancia co horario de cada grupo e da profesora de apoio.

Esta proposta de organización ten carácter flexible e estará en función das necesidades educativas que vaian xurdindo ao longo do curso.

ALUMNADO QUE RECIBE APOIO INDIVIDUALIZADO.

Curso	Necesidades	Medidas	Horas semanais
3º E.P.	Alumno que presenta dificultades específicas de aprendizaxe en lectoescritura e matemáticas.	Apoio por parte da mestra de PT	3 horas na área de matemáticas. 2 horas na área de lingua castelá.
3º E.P.	Alumno con dificultade de aprendizaxe e/ou dislexia	Apoio por parte da mestra de PT	3 horas na área de matemáticas. 2 horas na área de lingua castelá.
6º E.P.	Alumna con dificultades de aprendizaxe en matemáticas	Apoio por parte da mestra de PT	2 horas na área de matemáticas

HORARIO PT

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:50	3º EP Mat	3º EP LCL	6º EP MAT	3º EP Mat	3º EP LCL
10:50-11:40		6º EP MAT	3º EP Mat		Apoio E.I.
12:10-13:00				Apoio E.I.	Reunión D.O

Cervantes, 25 de outubro de 2023
Xefatura do Departamento de Orientación

Asdo.: Lorena Carreño Recarey

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CPI DE CERVANTES

ÍNDICE

1. Xustificación legal e teórica	3
2. Organización e funcionamento da acción titorial	4
a) Axentes da acción titorial e orientadora	
b) Criterios para a elección de titores/as	
c) Modelo de organización e funcionamento	
d) Coordinación	
3. Contextualización	10
4. Análise de necesidades	11
5. Obxectivos xerais	12
6. Planificación Xeral	12

6.1. Definición das accións prioritarias	12
7. Estratexias de intervención	13
7.1. PAT de Educación Infantil	13
7.2. PAT de Educación Primaria	15
7.3. PAT de Educación Secundaria	18
8. Metodoloxía	22
9. Recursos	23
10. Avaliación	25

1. XUSTIFICACIÓN LEGAL E TEÓRICA

O **Plan de Acción Titorial (PAT)** é o instrumento por excelencia para a planificación da titoría, constituíndo o marco de referencia no que se especifican os criterios da organización e as liñas prioritarias de funcionamento da titoría no centro educativo.

A titoría defínese como unha acción sistemática, específica, concretada nun tempo e un espazo na que o alumnado recibe unha especial atención, xa sexa individual ou grupal, considerándose como unha acción personalizada. Nesta mesma liña, entenderase como unha actuación educativa que debe realizarse de forma colectiva e coordinada, de maneira que implique aos/as titores/as, a todo o profesorado e ao centro educativo en xeral. Por iso, a titoría debe estar suxeita a unha adecuada planificación e organización, sendo esta actuación programada o que chamamos plan de acción titorial (PAT). O cal se regula na **Orde do 24 de xullo de 1998**, de organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que o define coma a resposta que de modo sistemático realiza un centro para personalizar o proceso de ensinanza - aprendizaxe, sendo, polo tanto, marco do funcionamento das titorías.

Así mesmo no **Decreto 120/1998 do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establécense tres niveis de orientación, os cales son desenvolto na Orde do 24 de xullo de 1998, sendo o primeiro deles a **acción titorial** e no que se basean os dous seguintes niveis (o departamento de orientación e os equipos de orientación específicos), a través do cal se busca, xunto coa actuación educativa, o desenvolvemento integral e harmónico do alumnado. Para elo é preciso que os centros educativos elaboren un Plan de Acción Titorial (PAT), no que deben figurar dende as finalidades ata os criterios e indicadores de avaliación do mesmo, pasando polas actividades que o conformarán e os órganos de coordinación e formas organizativas que se implicarán no seu desenvolvemento. A finalidade esencial de calquera Plan de Acción Titorial é o seguimento do proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumnado e a inserción e participación destes na dinámica e actividade do centro educativo.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica

2/2006, do 3 de maio, de educación. recolle no artigo 18, respecto da organización da etapa de educación primaria:

No conxunto da etapa, a orientación e a acción titorial acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. Así mesmo, fomentárase na etapa o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, con especial atención á igualdade de xénero.

Con obxecto de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e para garantir a efectividade do principio contido na letra l) do artigo 1, os centros educativos incorporarán medidas para desenvolver a igualdade efectiva entre homes e mulleres nos respectivos plans de acción titorial e de convivencia.

Outros referentes legais son:

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Titoría e orientación Artigo 20

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Artigo 16: Principios pedagóxicos: prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Artigo 18: Desde a titoría coordinárase a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnas e alumnos, dacordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

2. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ACCIÓN TITORIAL

a) AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL E ORIENTADORA

Atendendo ao sinalado no **Decreto 7/1999**, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, podemos establecer o seguinte:

Profesorado titor

Segundo se recolle no seu artigo 31:

“A función titorial e orientación dos alumnos e alumnas, que forma parte da función docente, desenvolverase ao longo de tódalas etapas.

Cada grupo de alumnos terá un titor. As titorías serán designadas polo director/a, por proposta dos xefes/as de estudos, oído o xefe/a do departamento de orientación, entre o profesorado que imparta docencia a todo o grupo, procurando que a designación recaia no profesor ou profesora con maior número de horas de docencia no grupo.”

Ademais no seu artigo 32 establece que cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

“a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos que proceda e en colaboración co departamento de orientación.

Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais de alumnos ou titores legais, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menos, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, hora de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas do seu grupo.

Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos da súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.

p) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos ou representantes legais.

q) Exercer a coordinación entre os membros do equipo docente.

Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos.

Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados os pais e nais ou representantes legais e o xefe/a de estudos que proceda.

t) Implicar as familias nas actividades de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

u) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanezan n centro nos períodos de lecer”.

Así mesmo na Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 , establece no apartado 65 que a “función titorial e orientación dos alumnos forma parte da función docente. Na educación pimaría levarase a cabo de forma integrada no proceso de ensino- aprendizaxe. Na educación secundaria, ademais, o profesor titor desenvolvera a dita función de xeito máis específico na hora destinada a tal fin no horario de cada grupo de alumnos.”

Xefe/a de estudos

As xefas de estudos coordinarán e apoiarán o traballo dos titores/as e manterán as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Ademais establececese como unha das competencias do xefe /a de estudio, no seu artigo 7, apartado c.5: “Coordinar e orientar a acción dos titores, coas achegas, se é o caso, do departamento de orientación e de acordo co plan de orientación académica e do plan de acción titorial”.

Comisión de Coordinación Pedagógica

Sinala no seu artigo 30, como unha das competencias da CCP: “Establecer as directrices xerais para a elaboración das programación didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional, do plan de acción tutorial.”

Departamento de Orientación

Algunhas das funcións que están relacionadas co PAT, atendendo as recollidas no artigo 39, son:

“ a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnado do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de etapa ou curso, e cando corresponda, a elección de optativas ou itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal ou a transición á vida profesional.

Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos, e calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.”

b) CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DE TITORES/AS

Segundo a Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, para a designación de titores/as terase en conta o seguinte:

a) “As titorías serán asignadas preferentemente a profesores que impartan unha materia común a tódolos alumnos do grupo.

b) En primaria, a asignación de titorías aos especialistas farase sempre aos que teñan máis horas dispoñibles procurando, ao mesmo tempo, que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor/a”.

Nesta mesma liña, o centro, establecerá como criterios de elección de titores/as: Respetar o dereito de que cada grupo de alumnos/as manteña o mesmo titor/a ao longo da etapa da ESO.

Preferentemente, as titorías serán asignadas ao profesorado con destino definitivo no centro educativo, xa que suporá un garante a continuidade do traballo realizado polo titor/a ao longo da etapa.

Tamén se establece no apartado 68 que “unha vez asignado un titor/a a cada grupo, no caso de existiren profesores dispoñibles serán nomeados titores de grupos de alumnos que precisen unha atención específica (que promocionaron sen acadar os obxectivos, repetidores, con materias pendentes, etc.). Así mesmo, a dirección do centro poderalles asignar outras tarefas de coordinación ou atención de actividades de interese para o centro, entre elas, a coordinación dos medios informáticos e audiovisuais, a colaboración no desenvolvemento de actividades complementarias realizadas no recinto escolar ou outras similares. De non estar recollidas no regulamento de réxime interior (actualmente Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia), o xefe ou xefa de estudos determinará, en cada caso, as tarefas específicas que terá que realizar cada un dos profesores e as responsabilidades que deberá asumir.”

Ademais establécese na citada Orden que as horas de titoría deberán ser comunicadas aos pais, nais e alumnos ao comezo do curso, na que cada profesor/a atenderá as cuestións derivadas das súas funcións como titor/a, se fora o caso, ademais das posibles demandas de información que fagan os pais sobre a marcha dos seus respectivos fillos/as nas áreas ou materias que lles imparta. A dirección do

centro adoptará as medidas que estime necesarias para que cada pai e nai coñeza, desde o inicio do curso, as horas nas que poden ser atendidos polos profesorado do seu fillo/a.

c) MODELO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A tutoría e a orientación formarán parte da función docente.

- + A xefatura de estudos de EP e da ESO.
- + Os tutores/as deberán programar, tendo en conta as liñas xerais marcadas neste Plan de Acción Titorial, as actividades específicas titoriais que desenvolverán ao longo do curso e solicitar colaboración e asesoramento ao departamento de orientación.
- + O Departamento de Orientación contribuirá ao desenvolvemento deste Plan, baixo a dirección da Xefatura de Estudos, asesorando aos tutores/as nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo, na medida das súas posibilidades, cando os tutores/as o soliciten.
- + A función titorial na etapa de educación infantil e primaria desenvolverase ao longo das áreas ao non dispoñer dun horario establecido para elo. Tratando aspectos propios da acción titorial a través da transversalidade.
- + Cada titor/a da ESO dedicará dentro do seu horario unha hora lectiva semanal para a tutoría do seu grupo de alumnos/as, unha hora complementaria semanal destinada á recepción de pais e nais e outra hora de atención ao alumnado.

d) COORDINACIÓN

A coordinación entre os implicados neste plan é esencial para garantir que teña éxito e acadar os obxectivos que se formulan no mesmo. Así a acción titorial vertebrarase a través de:

A comezo do curso, levaranse a cabo unha serie de actividades, tales como:

- Nomeamento dos tutores/as.
- Reunión de coordinación entre os tutores/as e o xefe/a do departamento de orientación, presidida polo xefe/a de estudos, co fin de presentar o plan de acción titorial onde se establecerán as prioridades e responsabilidades a desenvolver en cada curso.

- Organización do horario de dedicación á titoría na ESO: hora semanal de titoría grupal co alumnado, hora semanal de atención ás familias e hora semanal de atención ao alumnado.
- Organización do horario de dedicación á titoría en EI e EP: hora semanal de atención ás familias.
- A principios de curso, organizarase unha reunión coas familias de cada grupo de alumnos/as para informalos sobre a organización e funcionamento do centro, horarios, materias, procedementos e criterios de avaliación, promoción ao seguinte curso, titulación, medidas de atención á diversidade e todos aqueles aspectos que consideremos relevantes no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- Nos cursos da ESO levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado a principio de curso.

Ao longo do curso

- Desenvolvemento das actividades do PAT co alumnado, familias e profesorado.
- Reunións mensuais entre os/as titores/as das diferentes etapas educativas (Infantil e Primaria; e da ESO) ca xefa do departamento de orientación e coordinadas polo xefe/a de estudos, que favoreceran a posta en marcha do mesmo (recursos, actividades...) así como o coñecemento das necesidades educativas que poden xurdir no grupo de alumnos/as ao longo do curso.
- Reunións da xefa de estudos e a xefa do departamento de orientación, segundo se considere oportuno, para coordinar a acción titorial e orientadora.

Ao rematar o curso

- Avaliación da función titorial desenvolta ao longo do curso e propostas de mellora.

3. CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI de Cervantes sitúase na localidade de San Román de Cervantes, na provincia Lugo. Trátase dun concello rural da comarca dos Ancares.

O alumnado procede de aldeas de media-alta montaña na que o medio de vida preferente encádrase dentro da gandeiría e a agricultura. As infraestructuras sociais do concello son escasas, con poucos servizos.

As necesidades educativas son derivadas, en parte, das características anteriores. Se ben o escaso número de alumnado facilita unha atención personalizada, tamén pode constituírse nunha desvantaxe. Coa unificación de ciclos en educación infantil e de cursos en educación primaria comparten aula alumnos/as de distintas idades, polo que a diferenza de idade convértese nun factor máis de diversidade.

Partindo das características singulares do CPI, as necesidades que responden a realidade do centro son:

Escaso número do alumnado, o que vai e favorecer unha atención á diversidade máis personalizada por parte do profesorado.

A atención a diversidade estenderase prioritariamente nos niveis máis xerais: o grupo da aula clase, tendo como primeiro responsable do funcionamento de mesmo á persoa titora que englobará na súa figura as accións de orientación e tutoría máis básicas en colaboración co DO, que se concretará a través das actividades programas no PAT.

4. ANÁLISE DE NECESIDADES

Seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tralo análise de necesidades, detéctanse as seguintes necesidades:

- Contribuír á optimización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Favorecer a adquisición das técnicas de traballo intelectual.
- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.
- Potenciar a autoestima e responsabilidade no alumnado.
- Resolución de conflitos e mellora da convivencia no centro educativo.
- Educación emocional e educación en valores.
- Orientación académica e profesional.

- Consensuar coa comunidade educativa as liñas da acción titorial, especialmente co profesorado titor.
- Establecer un horario de coordinación entre titores/as e orientador/a das diferentes etapas educativas do centro educativo (infantil, primaria e ESO).
- Coordinar e facer un seguimento dos programas e as actividades titorías, intentando secuenciar as actividades ao longo de toda a escolaridade obrigatoria do alumno/a.
- Implicar na acción titorial ao alumnado, familias e profesorado.

5. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais que se establecen no PAT son:

- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.
- Favorecer a optimización do proceso de ensinanza – aprendizaxe.
- Impulsar a coordinación docente.
- Potenciar a coordinación e a colaboración do centro e a familia.

6. PLANIFICACIÓN XERAL

6.1 DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

- Presentación a CCP dunha proposta dos programas a desenvolver na función titorial, concretando así as liñas xerais establecidas no PAT.
- Proposta de establecemento dunha reunión mensual coa xefatura de estudos para coordinación e seguimento da titoría.
- Presentación ao equipo directivo dos criterios básicos para a elección de titores/as.
- Preparación, organización e entrega de material específico con actividades dos distintos programas dos ámbitos para entregarlle ao titor/a e que desenvolva na hora de titoría presencial.
- Deseño dunha proposta de creación e funcionamento dun Consello de titores/as (creación, reunións periódicas mensuais, valoracións do desenvolvemento dos pro ramas, necesidades que xurdan).
- Elaboración dunha carta de presentación ás familias informando das liñas xerais

de actuación, horario de atención e normas de funcionamento do centro.

- Deseño dunha folla de seguimento titorial que facilite, os titores/as, o seguimento personalizado de cada alumno/a da súa titoría.
- Colaboración da orientadora nas sesións de titoría.
- Deseño dunha grella ou cuestionario avaliativo sobre o desenvolvemento do PAT.

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

7.1 EDUCACIÓN INFANTIL

Obxectivos específicos

Dende as titorías de Educación Infantil, traballaranse os seguintes obxectivos relacionados coa adaptación, actitude e socialización:

Actitudinais:

- Adaptarse aos espazos, rutinas e horarios.
- Manifestar gañas de aprender e implicarse no traballo.
- Mostrar unha actitude positiva na relación co profesorado e o alumnado.

Conceptuais e procedimentais:

- Coñecer e respectar as normas de funcionamento e relación.
- Coñecer e aplicar as normas básicas de hixiene.
- Coñecer e aplicar distintas estratexias de resolución de conflitos.
- Coñecer e practicar hábitos de alimentación adecuados.
- Coñecer e aplicar estratexias para manter a orde e a limpeza no distintos espazos e materiais.
- Coñecer e aplicar as normas do plano de prevención e de seguridade en xeral.

Plan De Acollida

Final do curso anterior

No mes de xuño, o alumnado de novo ingreso, acudirá ó centro, na hora do recreo, acompañados polas familias.

Realización dunha xuntanza previa ao inicio das clases, colectiva, coas familias onde se lles dará a documentación oportuna, e información de tipo xeral como aspectos sobre a roupa e calzado axeitado, identificación da mesma, merenda, xoguetes, funcionamento da cooperativa escolar.

Antes de comenazar as clases

Facilitar información escrita as familias con datos de incorporación, horario, etc.
Estudio da documentación existente sobre o alumnado escolarizado noutros centros que se incorporen a este colexio.

Primeiros días de clase

Flexibilidade no horario en caso de ser necesario aínda que dependerá da dispoñibilidade das familias ao ser o alumnado transportado.

Facilitar progresivamente o alumnado o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo e do resto do centro.

Facilitar o coñecemento do alumnado entre si, o seu lugar na clase, a indentificación das súas cousas.

Entrevista persoal con cada familia, a fin de obter información relevante sobre cada alumno/a.

Avaliación inicial por parte da titoría.

ACTIVIDADES CO ALUMNADO

- Acollida de cada alumno/a da maneira máis personalizada posible facilitándolle período de adaptación atendendo as súas características.
- Realización da avaliación inicial dos alumnos e alumnas.
- Prevención e detección de déficits aptitudinais e das necesidades.
- Realización da avaliación continua de cada alumno e alumna ao longo de todo o curso, para detectar posibles necesidades educativas e poder poñer en marcha as medidas oportunas.

- Control de asistencia do alumnado.
- Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes: sinceridade, xenerosidade, respecto, orden , limpeza.
- Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social: Sorrir, saudar, pedir e facer favores.
- Habilidades para facer amigos: Cooperar e compartir.
- Pedir axuda. Unirse ó xogo de outros.
- Habilidades para expresar os sentimentos: Identificar e xestionar emocións, Experimentar sentimentos cara un mesmo e cara os demais e aprender a manexar as emocións negativas.
- Defender os seus dereitos.
- Actividades de educación para a saúde

ACTIVIDADES COA FAMILIA

- Entrevista persoal con cada familia a fin de obter información relevante sobre cada alumno/a.
- Visita do alumnado de novo ingreso acompañados polas súas familias.
- Reunión das familias de cada grupo de alumnos/as en cada trimestre.

PROFESORADO

- Planificación da acción tutorial en cada curso académico.
- Facilitar información relevante sobre as necesidades e características individuais ou do grupo a cada profesor/a.
- Reunión co xefe/a de estudos de Educación Primaria, profesorado de Educación Infantil orientador/a para programar a incorporación dos alumnos/as desta etapa.

7.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado a etapa de educación primaria. Coñecemento e organización do novo curso.

- Valorar as características e necesidades de cada alumno/ e do grupo.
- Fomento da integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo.
- Establecer e desenvolver normas de grupo – clase.
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos/a para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos.
- Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura.
- Ensinar aos alumnos/as técnicas de mellora da aprendizaxe.
- Proporcionar ao alumnado técnicas de estudo e traballo intelectual.
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.
- Coordinar a intervención do equipo de profesores/as.

CONTIDOS

- Presentación do curso
- Acollida do profesor/a titor aos alumnos/as.
- Presentación dos novos compañeiros/as.
- Presentación dos demais profesores/as.
- Coñecemento do centro por parte dos alumnos/as novos/as.
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias extraescolares que ofrece o centro, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.
- Integración e convivencia
- NOFC
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Funcións do delegado/a. Elección de delegado/a.
- Elaboración dunhas normas propias de aula.
- Organización e distribución de responsabilidades:

- Habilidades sociais: Pedir e conceder favores; Saúdo; Compartir; Habilidades conversacionais; Habilidades de solución de problemas interpersoais; Expresar emocións e sentimentos; Aceptar e rexeitar críticas; Como formular queixas; Saber dicir non; Saber escoitar, etc.
- Desenvolvemento persoal: Autoconcepto e Autoestima
- Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)
- Temas transversais:
 - Educación para a saúde: hábitos de vida saudables, alimentación, sono, descanso ...
 - Igualdade.
 - Educación ambiental.
 - Educación viaria.
 - Hábitos Organización do estudio
 - Orientación académica
 - Sistema educativo
 - Información sobre a ESO ao alumnado de 6º EP.
 - Relacións centro - familia
 - Entrevistas
 - Reunións grupais

ACTIVIDADES CO ALUMNADO

- Acolida dos alumnos e alumnas novos no centro facilitándolles o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo, comedor e do resto do centro.
- Realización da avaliación inicial dos alumnos/as.
- Prevención e detección de déficits aptitudinais. Detección das necesidades específicas.
- Realización da avaliación continua de cada alumno/a ao longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas dos alumnos/as e poñendo en marcha as medidas de atención á diversidade que se estimen oportunas.

- Control de asistencia dos alumnos e alumnas.
- Presentación do novo curso: áreas e materias, horarios, axenda escolar...
- Facilitar o coñecemento dos alumnos e alumnas entre si e do profesorado.
- Técnicas de estudo. Desenvolvemento de actividades dirixidas a aprender a estudar. Elaboración dun horario de estudo semanal.
- Expresar sentimentos en diferentes situacións. Manexar as emocións negativas e experimentar sentimentos positivos cara un mesmo.
- Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social.
- Resolución de conflitos e toma de decisión.
- Habilidades para expresar os sentimentos, as emocións e recibir emocións.
- Defender os seus dereitos.
- Actividades de educación para a saúde: alimentación, sono, descanso, actividade física
- Actividades que aborden temas transversais (educación ambiental, educación para a paz, prevención da violencia de xénero, etc).
- Fomento do uso da biblioteca: animación á lectura, préstamos de libros para a casa, potenciar o uso da biblioteca como lugar de encontro e de intercambio de experiencias relacionadas coa lectura, etc.
- Charla informativa sobre os cambios de Primaria á ESO.

COS PAIS E NAIS

- Entrevista persoal con cada familia a fin de obter información relevante sobre cada alumno/a.
- Realización de entrevistas individuais cos pais e nais ao longo do curso, na hora de atención ás familias, co fin de facer un seguimento continuo do alumnado, informando e asesorando sobre o seu fillo/a e fomentando a colaboración entre o centro e a familia.
- Reunión das familias de cada grupo de alumnos/as en cada trimestre.
- Planificación da acción tutorial en cada curso académico.
- Reunión dos equipos docentes, a lo menos unha vez ao principio de curso

e outra en cada trimestre, para facer a avaliación e seguimento do alumnado, ademáis de favorecer a detección de necesidades de atención á diversidade que poidan ir xurdindo.

CO PROFESORADO

- Facilitar información relevante sobre as necesidades e características individuais ou do grupo de alumnos e alumnas.
- Formación na acción tutorial.

7.3 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado a nova etapa educativa e prestar especial atención ao alumnado de novo ingreso no centro.
- Coñecemento e organización do novo curso.
- Valorar as características e necesidades de cada alumno/ e do grupo.
- Fomento da integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo.
- Establecer e desenvolver as normas do grupo – clase.
- Sensibilizar ao alumnado na tolerancia e o respecto co fin de acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e previr estereotipos de xénero.
- Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos.
- Ensinar aos alumnos/as técnicas de mellora da aprendizaxe.
- Proporcionar ao alumnado técnicas de estudo e traballo intelectual.

- Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura.
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.
- Aprender a previr a violencia de xénero.
- Afianzar a expresión dos sentimentos propios e o recoñecemento dos demais. Favorecer a resolución de conflitos e a convivencia pacífica.
- Realizar a orientación académica e profesional dos alumnos e alumnas.
- Coordinar a intervención do equipo de profesores/as.
- Potenciar colaboración e a participación entre as familia e a escola.

CONTIDOS

- Presentación do novo curso
- Coñecemento do centro por parte dos alumnos/as novos/as.
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de tutoría, actividades complementarias e extraescolares, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.
- Integración e convivencia
- NOFC
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Funcións do delegado. Elección de delegado.
- Elaboración dunhas normas propias de aula.
- Habilidades sociais: asertividade, solución de problemas interpersoais, expresar emocións e sentimentos, aceptar e rexeitar críticas, formular queixas, saber dicir non...).
- Desenvolvemento persoal
- Autoconcepto e Autoestima
- Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)
- Temas transversais: Educación para a saúde: drogas, alcoholismo,....
- Educación afectivo-sexual
- Igualdade
- Educación ambiental

- Hábitos, planificación e organización do estudio.
- A importancia da lectura.
- Técnicas para traballar a información escrita.
- Técnicas de estudo e de traballo intelectual.
- Preparación e realización de exames
- Reflexión e análise sobre os resultados acadados nas avaliacións.
- Orientación académica e profesional
- Coñecemento de si mesmo: Actitudes, capacidades, rendemento, etc.

ACTIVIDADES

CO ALUMNADO

- Acollida dos alumnos e alumnas novos no centro.
- Realización da avaliación inicial dos alumnos/as. Detección de necesidades educativas.
- Estudio do expediente dos alumnos e alumnas e recollida de información relevante.
- Organización ao principio de curso das medidas de atención á Titor/a diversidade que fosen precisas.
- Entrevistas individuais cos alumnos e alumnas.
- Realización da avaliación continua de cada alumno/a ao longo do curso, para detectar posibles necesidades educativa dos alumnos/as, poñendo en marcha as medidas de atención á diversidade que se estimen oportunas
- Cumprimentar a documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto a cada alumno/a.
- Facilitar o coñecemento dos alumnos/as entre si e dos novos profesores/as
- Actividades para a integración e a convivencia.
- Actividades para potenciar o benestar emocional.
- Actividades para promocionar hábitos de vida e ocio saudables.
- Habilidades conversacionais: iniciar, manter e rematar conversas.
- Resolución de conflitos e toma de decisións.
- Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes:

amizade, compañeirismo, respecto, tolerancia, sinceridade, solidariedade, xenerosidade...

- Técnicas de estudo e traballo intelectual: Coñecer as condicións previas para o estudo: lugar, condicionantes, organización.. Planificación do tempo de estudo.
- Desenvolver estratexias de aprendizaxe: subliñado, organización da informacións en esquemas, resumos, preparación de exames, tomar apuntamentos, realización de traballos...
- Actividades que favorezan o uso responsable das novas tecnoloxías: redes sociais, whatsapp, Facebook, tik tok, etc.

CON FAMILIAS

- Entrevistas para o intercambio de información relevante do alumnado.
- Comunicación das faltas de asistencia.
- Asesoramento sobre o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

CO PROFESORADO

- Planificación da acción tutorial en cada curso académico.
- Formación na acción tutorial.
- Reunión dos equipos docentes, a lo menos unha vez ao principio de curso e outra en cada trimestre para facer a avaliación e seguimento do alumnado, detección de necesidades de atención á diversidade que poidan ir xurdindo. atendendo ao recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

8. METODOLOXÍA

As actividades deste Plan de Acción Tutorial serán concretadas, especificamente para cada grupo-aula, tanto na Educación Infantil e Primaria como na Educación Secundaria.

O desenvolvemento deste plan realizarase dunha maneira flexible, priorizando sempre aquelas actuacións que permitan atender as necesidades máis inmediatas do alumnado e así favorecer e/ou manter un clima de clase que facilite o

desenvolvemento da actividade educativa e orientadora.

Deste xeito, as liñas metodolóxicas empregadas adecuaranse ás características do centro e de cada grupo-clase, tratando de crear un clima de cooperación cos titores e titoras, o equipo docente e o alumnado, sen esquecer a atención á diversidade. Ademais axustarase a cada situación persoal e será flexible a nivel metodolóxico.

Con respecto ao desenvolvemento das actividades prestarase especial atención a que sexan claras e fáciles de entender, para o cal, o profesorado empregará unha linguaxe sinxela e precisa con instrucións breves e detallas, paso a paso, co obxectivo de favorecer a súa comprensión. Ademais serán adecuadas ás características do alumnado e aos contidos que se van traballar. Buscando que sexan variadas para, por un lado, evitar a sensación de cansazo no alumnado e polo outro, de cara a favorecer a motivación do alumnado.

Asimesmo presentaran diferentes graos de dificultade para axustarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe a fin de prestar unha adecuada atención á diversidade.

Nesta mesma liña sinalar que as actividades deben presentar un carácter lúdico, sobre todo aquelas que se leven a cabo na hora de titoría, favorecendo así tamén a motivación e participación do alumnado.

Ditas actividades realizaranse cunha metodoloxía activa e participativa por parte dos alumnos e alumnas, mediante técnicas de grupo tales como a dramatización, role-playing, debates, exposicións, traballos en grupo, onde o profesor/a titor/a desenvolverá unha tarefa de mediación, xa que o desenvolvemento das actividades debe permitir e favorecer a atención grupal e individual do alumnado, permitindo atender as necesidades e características dos alumnos e alumnas.

A partir de cada grupo de actividades, o profesor titor, en colaboración co resto dos profesores/as do grupo e co asesoramento do Departamento de Orientación levará a cabo a posta en practica de actividades que permitan o desenvolvemento da función titorial. Ademais terase en conta a implicación das familias no proceso educativo e orientador dos seus fillos e fillas, xa que propiciarase as actuacións coordinadas entre o centro e as familias.

Nesta mesma liña, realizaranse entrevistas individuais coas familias para poder coordinarse e fomentar a participación delas no proceso educativo dos seus fillos e

fillas.

Finalmente sinalar que o se busca é potenciar unha metodoloxía grupal, enmarcada no modelo de programas no que se basea o traballo do DO, o cal non exclúe que en determinados momentos realicemos actuacións de asesoramento individualizado

cando as circunstancias así o aconsellen ou determinen, dirixidas tanto o alumnado como o profesorado e as familias.

9. RECURSOS

Recursos humanos

A función titorial forma parte da función docente, polo tanto implica a participación de tódolos profesores pero principalmente dos titores , coa axuda do departamento de orientación e coa coordinación dos xefes/as de estudos.

Así contaremos tanto con profesionais do centro educativo como o equipo directivo, profesorado, familias, DO e o propio alumnado, así como con profesionais externos que colaborarán na atención do alumnado en temas puntuais:

(Concello. Quérote+, Cruz Vermella, Asociación Arela, Universidades, Garda Civil (Plan Director), Parlamento de Galicia...).

Recursos organizativos

Os recursos organizativos teñen un peso especial no desenvolvemento do PAT: a través das reunións cos titores/as e do propio departamento, as sesións de avaliación, as reunións de CCP, se consigue a coordinación e reflexión sobre este programa e onde o profesorado tomará, ademais, decisións sobre a necesidade de implementar a medidas a nivel individual nos casos que sexa preciso.

Nesta mesma liña son moi importantes as reunións con xefatura de estudos de cara a favorecer a implementación do programa en todas ás areas do curriculum e non soamente nas instrumentais ou na titoría.

Sinalar, ademais, que a maior parte da función titorial desenvolverase nas propias aulas.

Así mesmo, sería conveniente contar con un espazo dedicado a entrevistas cos pais/nais dos alumnos e alumnas así como un espazo amplo coa suficiente capacidade para albergar a alumnos/as e profesores/as de varios cursos para a

realización de determinadas actividades, como pode ser a aula de informática, a biblioteca, etc.

Recursos materiais

O Departamento de Orientación conta con abundante material para o apoio á función titorial:

- Materiais propios da titoría en grupo.
- Materiais que figuran na web da Consellería de Educación:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/411>
- Guías para a convivencia nas aulas.
- Recursos informáticos e páxinas web que aportan materiais para o desenvolvemento da función titorial.
- Bibliografía sobre como desenvolver a función titorial.
- Bibliografía específica sobre temas específicos a tratar na titoría.
- Materias elaborados polo propio departamento.

10. AVALIACIÓN

A avaliación concíbese como un elemento que atravesa e retroalimenta o desenvolvemento do proceso de E-A en xeral e deste plan de acción titorial en particular. Isto implica que sobre a forma e os criterios imponse unha avaliación continua e procesual, acorde coa forma na que se producen os aprendizaxes.

A estratexia fundamental será a triangulación de datos e opinións. Neste sentido empregaranse recursos como a observación das actividades, entrevistas e reunións, dificultades atopadas no desenvolvemento das actividades, realización de materiais específicos como cuestionarios, rexistros de observación, reflexión das sesións de coordinación e os resultados da avaliación continua.

Neste senso, o PAT será aberto, flexible e polo tanto, revisable e avaliable.

Así mesmo, serán referentes, á hora de levar a cabo a avaliación, os seguintes criterios de avaliación:

- Adecuación do PAT ás necesidades detectadas.
- Grao de consecución dos obxectivos formulados.
- Nivel de implicación, participación e satisfacción dos diferentes membros da comunidade educativa.
- Grao de coordinación dos axentes da función titorial.
- Adecuación dos contidos do PAT.
- Adecuación da metodoloxía ás características contextuais.
- Adecuación dos espazos e tempos para a acción titorial.
- Adecuación e funcionalidade dos recursos empregados para levar a cabo a acción titorial.

En Cervantes, 30 de outubro do 2023

A xefa do Dpto. de Orientación

Asdo. Lorena Carreño Recarey

Concreción do

Plan de Atención á Diversidade

para o curso 2023/24

CPI De Cervantes

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Planificación xeral das medidas de atención á diversidade para o curso 2023-24.
 - Medidas Ordinarias
 - Medidas Extraordinarias
3. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
4. Mecanismos de coordinación e colaboración.
5. Seguimento, avaliación e mellora.

1. Introducción

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual (Art.11.4 do D 229/2011, do 7 de decembro).

No presente documento recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver categorizadas en ordinarias e extraordinarias, o profesorado responsable de cada actuación, o alumnado ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

2. Planificación xeral das medidas de atención á diversidade para o curso 2020-21.

- **Medidas ordinarias**

MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
Reforzo educativo.	Profesorado das distintas áreas.	Alumnado con dificultades subsanables coa intervención ordinaria do profesor da área.	Conforme a evolución do alumnado. A criterio do profesorado.
Adecuación de horarios, grupos e espazos as necesidades reais do Centro.	Equipo docente	Todo o alumnado	Todo o curso
Adecuación das programacións didácticas e instrumentos, tempos e procedementos de avaliación	Todo o profesorado	Alumnado con NEAE	Todo o curso

Plan específico de reforzo	Equipo docente baixo coordinación do profesorado titor	Alumnado de educación primaria que permaneza una no máis no mesmo curso.	Conforme a evolución do alumno/a. A criterio do profesor/a.
Plan de reforzo pendentes na ESO.	Profesorado que imparte a materia pendente de superar	Alumnos/as de ESO con materias pendentes.	Todo o curso
Plan específico personalizado	Equipo docente baixo coordinación do profesorado titor.	Todo o alumnado	Todo o curso
Outras actuacións: baseadas no traballo colaborativo, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Profesorado das distintas áreas	Todo o alumnado	Todo o curso

- **Medidas extraordinarias.**

MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
Apoio do profesorado especialista PT.	Profesoraespecialista PT.	Alumando con NEAE	Todo o curso.

- Deste xeito o alumnado que será atendido polo Departamento de Orientación será o seguinte:

Curso	Necesidades	Medidas	Horas semanais
3º Ed. Primaria	Alumno que presenta dificultades específicas de aprendizaxe en lectoescritura e matemáticas.	Apoio por parte da mestra de PT	3 horas na área de matemáticas. 2 horas na área de lingua castelá.

3º Ed. Primaria	Alumno con dificultade de aprendizaxe e/ou dislexia	Apoio por parte da mestra de PT	3 horas na área de matemáticas. 2 horas na área de lingua castelá.
6º de Educación Primaria	Alumna con dificultades de aprendizaxe en matemáticas	Apoio por parte da mestra de PT	2 horas na área de matemáticas

- A proposta inicial do alumnado que conforma os agrupamentos de apoio estará suxeito a revisións e modificacións periódicas ao longo do curso en función da súa evolución e da posibilidade de novas incorporacións. A asistencia de algún alumno/a a apoio non poderá exceder o horario máximo establecido, sendo este dun terzo da xornada escolar.
- Os pais/nais dos alumnos/as susceptibles deste apoio serán informados polo profesorado titor/DO das medidas que se van a adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

3. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

Titor ou titora e profesorado.

- Coñecer as características persoais de cada alumna e alumno a través da análise do seu expediente e de todos aqueles documentos válidos para este coñecemento.
- Informar ás familias de todos aqueles aspectos curriculares e/ou organizativos que impliquen medidas de atención á diversidade ordinarias ou extraordinarias.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar coa xefa do departamento de orientación a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar co demais profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.

Profesorado de apoio.

- Participar nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o/a titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.
- Axudar ao profesorado da materia e/ou titor/a na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
- Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Xefatura do Departamento de Orientación.

- Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais, a través do protocolo de derivación; así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso da avaliación psicopedagóxica.
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e da profesora de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe. Elevar esta proposta á xefatura de estudos.
- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Xefaturas de departamento didáctico.

- Ter en conta e transmitir ao resto do departamento a información xeral sobre as medidas de atención á diversidade e NEAE do centro.
- Reflectir as medidas na memoria e nas programacións e facer seguimento e propostas.
- Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das medidas de atención á diversidade , así como asumir e responsabilizarse do acordado no plan xeral de atención á diversidade.

Equipo directivo.

- Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
- Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan.

4. Mecanismos de coordinación e colaboración:

4.1 Internos:

- Reunións de departamentos didácticos.
- Reunións do departamento de orientación.
- Reunión de coordinación para a acción titorial.
- Reunións entre orientadora e profesorado de apoio, para concretar e desenvolver o programa de traballo e seguimento de casos.
- Sesións de avaliación inicial e trimestrais coordinadas polas titoras e titores e xefatura de estudos.

4.2 Canles de colaboración coas familias e servizos externos:

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á

escolarización e aos procesos educativos do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos a: mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. As nais, pais ou titoras e titoras legais do alumnado deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado así como no das posibles avaliacións psicopedagóxicas.

Para promover a implicación das nais, pais ou titoras e titoras legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:

- Reunión inicial ao comezo do curso para facilitar información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Entrevistas periódicas ao longo do curso para seguimento académico e persoal dos alumnos.
- Información a través de correo electrónico, telefono, entrevistas, páxina web do colexio.

Para algunhas intervencións contamos con colaboracións externas como:

- Equipos de Orientación Específicos aos que solicitar colaboración para desenvolver as funcións do Departamento de Orientación (avaliación psicopedagóxica de alumnado, orientacións sobre modalidades de escolarización, metodoloxías, recursos...) segundo demandas e necesidades.
- Inspección Educativa, que autorizará e asesorará sobre as medidas de atención á diversidade.
- Servizo Galego de Saúde. Solicitarase colaboración no diagnóstico de casos e en problemáticas sociais específicas, empregando para o protocolo de derivación aconsellado polo equipo específico.
- Asociacións, centros educativos, entidades do entorno, para xornadas informativas, charlas de especialistas ou asesoramento (Garda Civil, USC, Quérote mais).

5. Seguimento, avaliación e mellora

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro (Art.13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

A estes efectos, utilizaranse, entre outros datos, os obtidos a partir de:

1. Informe trimestral de seguimento de cada alumno/a, presentado na sesión trimestral de avaliación do grupo correspondente.
2. Reunións periódicas dos/as profesores/as de reforzo cos profesores/as titoras/as de cada un

dos/as alumnos/as.

3. Uso dun variado menú de procedementos de avaliación adecuados ao alumnado e á situación: observación sistemática, análise de tarefas do alumnado, intercambios orais...
4. Utilización de instrumentos de avaliación diversificados e adaptados: escalas de observación, listas de control, diario de clase, rexistro anecdótico, producións orais e gráficas.

Cervantes, 25 de outubro de 2023
Xefatura do Departamento de Orientación

Asdo.: Lorena Carreño Recarey

ANEXOS PXAD

***no Departamento de Orientación ou Dirección.**

9.-DOCUMENTO N° 9: PROXECTO DE ORZAMENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Obxectivos: **CLARIDADE-TRANSPARENCIA-ACCESIBILIDADE E PRIORIDADES**

-Adquisición de material didáctico e informático.

-Combustible.

-Apoio de saídas escolares.

-Ampliación de fondos da biblioteca e de aula.

-Adquisición de elementos de ocio para a biblioteca, aulas e tempos de lecer.

-Actualización do material informático e adquisición de consumibles.

*Libros de contas na secretaría do centro.

APROBACIÓN POLA COMISIÓN ECONÓMICA/CONSELLO ESCOLAR

Data de aprobación: 20/10/2023

BIBLIOTECA ESCOLAR:

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

I. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.

- Ampliar a formación do profesorado do equipo da Biblioteca na xestión, manexo de programas, organización de empréstitos, fomento da lectura e **dinamización dun espazo steam. (PFPP Robótica)**
- Proseguir coa catalogación e renovación dos fondos bibliográficos conforme as esixencias do Programa Meiga actualizado.
- Continuar a catalogación do material documental e audiovisual que se atopa fóra das dependencias da Biblioteca (Departamentos, Aulas,...).
- Ampliar os recursos materiais, especialmente para alumnado con necesidades educativas especiais.
- Desenvolver un grupo de traballo en torno á “lectura fácil”.
- Continuar facendo o expurgo para eliminar todos aqueles documentos que se consideren obsoletos ou deteriorados.
- Completar a sinalización adecuada dos espazos da Biblioteca Escolar.
- Organizar o servizo de empréstito de maneira flexible e adaptado aos horarios de todas as etapas educativas.

II. DINAMIZACIÓN.

- Continuar coa lectura na aula en primaria e secundaria de xeito coordinado. O alumnado adicará un tempo á lectura seguindo un horario xeral elaborado polo Centro e incluído no Plan Lector do mesmo. Manteremos a **Hora de Ler**, revisaremos as normas, priorizando que incidan en entender a lectura como desfrute.
- Xestión e actualización semanal do **Blog da Biblioteca**, <https://bibliotecacpicervantes.blogspot.com/>, de maneira que nos permita difundir e promocionar as actividades desenvoltas, fomentar a participación de toda a comunidade educativa, e divulgar e comentar as novidades que se van adquirindo.
- Dinamización da **Radio Escolar** e proposta de participación no programa “Radio na biblio”.
- Elaboración de guías de lecturas en distintos formatos para celebrar conmemoracións ou datas de significado especial, e en colaboración cos distintos departamentos didácticos.

- Apoio a todos os proxectos de aula que propoñan os distintos departamentos.
- Coordinación dunha actividade interdisciplinar por trimestre, na que participen varios grupos e departamentos, e que poderá estar relacionada con algunha conmemoración.
- Organización de actividades de formación de usuarios en colaboración coas titorías para que o alumnado se familiarice có funcionamento e organización da Biblioteca.
- Continuidade do Club de Lectura, “Os tres rallois”, para incentivar no alumnado a capacidade de crítica literaria e de intercambio de opinións. Neste curso seguiremos compartindo as nosas lecturas con outros colectivos (pais/nais, profesorado, persoal non docente).
- Realización de actividades asociadas ás distintas datas conmemorativas (Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día da Muller, Día de Rosalía de Castro, Día da Poesía ...)
- Coordinación das actividades relacionadas co Día da Ciencia en Galego.
- Contacto con editoriais que oferten obradoiros de animación á lectura e encontros con escritores, ilustradores ou contacontos.
- Organización de actividades coa contorna: co Centro de Desenvolvemento Rural e con asociacións culturais do concello.
- Proposta de actividades de formación, en colaboración coas titorías e a materia de proxecto competencial, para o alumnado, na utilización das TICS como ferramentas de busca de información.
- Certame de cómics. Os relatos gañadores publicaranse na revista escolar.
- Celebración da Semana da Prensa e do Día da Radio: exposicións, concursos, edicións de materiais...
- Organización de actividades medioambientais relacionadas con algunha conmemoración (Día da Árbore/ Día da Auga).
- Colaboración coas actividades coordinadas desde “Voz Natura”, “O Congreso Científico da Montaña” e o proxecto “Horta e media”.
- Dinamización de actividades asociadas ás celebracións do Día do Libro e da Semana das Letras Galegas: exposicións, concursos, edicións de materiais...
- Organización dunha xornada de portas abertas coas familias.
- Colaboración na revista escolar do centro.

III. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

O programa da Biblioteca Escolar do CPI Cervantes será obxecto dunha avaliación continua ao longo de todo o curso, introducindo as modificacións que se consideren axeitadas para acadar un desenvolvemento positivo do mesmo. Os criterios que se terán en conta para a avaliación serán:

- Nivel de formación dos usuarios.
- Grao de uso dos recursos da biblioteca.
- Desenvolvemento das actividades de fomento da lectura.
- Adecuación dos fondos adquiridos.
- Suficiencia e adecuación das gardas de biblioteca.
- Colaboración da biblioteca cos diferentes departamentos e equipos didácticos.
- A opinión que, sobre os anteriores aspectos, teña o alumnado e outros membros da comunidade.

Os procedementos de avaliación serán:

- Anotación das incidencias nun caderno adicado ás mesmas.
- Enquisas entre o alumnado sobre o uso que fan da Biblioteca, os seus hábitos de lectura e sobre a súa satisfacción coas actividades propostas.
- Enquisas entre o profesorado para determinar o grao de uso da Biblioteca e de fomento da lectura.
- Análise das estadísticas respecto do uso da Biblioteca: número de usuarios, número de préstamos realizados, libros máis solicitados, consultas ao catálogo...
- Avaliación das actividades desenvolvidas por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar que permitirán introducir as correccións pertinentes.

VI. HORARIO E EQUIPO .

Intentarase que a Biblioteca estea aberta durante o maior número de períodos lectivos a cargo de profesorado que forme parte do equipo da mesma. A profesora responsable do equipo da biblioteca adicará polo menos 5 horas semanais.

O recreo será o tempo adicado preferentemente para o servizo de préstamo.

A profesora responsable da dinamización da Biblioteca será M^a Jesús Gil Castro. O resto do equipo está formado por profesorado do centro de distintos departamentos e por membros do equipo directivo, o que o dotará dunha gran estabilidade.

PLAN DE LECTURA

ACTUACIÓNS DO CENTRO DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA, A ESCRITURA E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS BÁSICAS.

a. INFANTIL E PRIMARIA.

i. Criterios.

Para o Plan de Lectura do curso 2023/24 establécense os seguintes criterios que veñen recollidos no Plan Lector do Centro:

En Educación Infantil:

1. Interese pola linguaxe escrita e valoración da mesma como instrumento de información e lecer, e como medio de comunicación de desexos, emocións e informacións.
2. Interpretación de imaxes, carteis, fotografías, etc. que acompañan a textos escritos, establecendo nexos entre eles.
3. Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
4. Percepción de diferenzas e semellanzas nas palabras escritas.

5. Identificación de algunhas palabras escritas do seu entorno.
6. Atención e comprensión de narracións, contos e outras mensaxes lidas por adultos ou por compañeiros/as maiores.
7. Coñecemento e aceptación das normas de comportamento de uso da biblioteca,
8. Actuación, relativamente autónoma, no manexo e utilización de libros.
9. Coñecemento das diferentes fontes informativas, tanto impresas, audiovisuais ou con soporte dixital: libro, xornal, contos, carteis...

En Educación Primaria:

1. Necesidade de comunicación escrita en diferentes situacións.
2. Medios nos que se presenta a linguaxe escrita: libros, xornais, cartas, carteis...
3. Comprensión de todos os elementos do texto ao longo do proceso lector.
4. A lectura como fonte de lecer, de aventuras, de diversión e de saber.

ii. Metodoloxía.

A metodoloxía configúrase como unha serie de estratexias de ensinanza, que o profesorado utiliza en función das súas intencións e as capacidades que pretende potenciar.

No Plan de Lectura, destacamos as seguintes estratexias:

1. Organizar todo o proceso ensinanza-aprendizaxe en secuencias. A secuenciación de tarefas favorece a memorización comprensiva, a asimilación e posibilita a creación de situacións de xeneralización.
2. Imitar modelos adecuados de lectura.
3. Facer que a Biblioteca de centro e de aula sexa un espazo de cooperación, de intercambio co profesorado e cos seus compañeiros e compañeiras, favorecendo o diálogo, o contraste de puntos de vista e a axuda no traballo.
4. Convertir estas bibliotecas en espazos de lecer traballando a lectura en diferentes soportes.
5. Facilitar a participación do alumnado na selección de lecturas, realización de tarefas de rexistro, catalogación, clasificación, préstamo, conservación e planificación de actividades.

O Plan de Lectura esixe o uso de metodoloxías comunicativas e participativas dirixidas a estimular a necesidade e o pracer por ler dende a incorporación ás unidades didácticas globalizadas de educación infantil ata a programación dunha hora específica de ensinanza, práctica e animación á lectura en educación primaria.

b. SECUNDARIA.

i. Criterios para a planificación.

O Plan de Lectura para Secundaria organízase en torno a dous principios básicos:

1. A lectura como fonte de coñecemento.
2. A lectura como disfrute.

ii. Metodoloxía.

- Lectura individual de textos, en clase e como tarefas para a casa. Será tarefa dos Seminarios a selección de textos específicos de cada materia.
- Lectura en voz alta de textos en clase.
- Localización de ideas principais e secundarias nos textos: elaboración de esquemas e resumos.
- Distinción de información e opinión.
- Traballos de ampliación de coñecementos a partir do exposto nos textos (búscas en soporte bibliográfico, en prensa, en Internet...).
- Elaboración de traballos a partir de textos en distintos soportes.
- Utilización da Biblioteca Escolar e das Aulas de Recursos para a obtención de información. Establecer nos horarios dos grupos algunhas sesións de clase que serán impartidas na Biblioteca e nas Aulas de Recursos.

- O profesorado recomendará lecturas desde todas as áreas e materias.
- Non se pedirán traballos sobre as obras lidas, só comentarios libres ou guiados sobre as mesmas, preferentemente orais.
- Establecerase un tempo para a lectura individual no horario semanal de cada grupo.
- O profesorado aconsellará ao alumnado a utilización dos tempos das gardas por ausencia do profesor para ler, sempre que non haxa unha tarefa específica.

c. A BIBLIOTECA ESCOLAR

Desde a Biblioteca Escolar do Centro establécense os seguintes obxectivos que pensamos que van favorecer a implementación deste Plan de Lectura:

1. **Incrementar e estimular os hábitos de lectura** de toda a comunidade educativa:

a) **Organizando espazos e tempos para a lectura.**

b) Facilitando o **acceso igualitario aos recursos culturais**, atendendo á diversidade de capacidades, gustos, intereses e medios socio-económicos do alumnado. A este respecto cabe sinalar que a Biblioteca xa actúa nesta liña; dispón, por exemplo, de varios exemplares de cada libro de lectura obrigatoria, e tamén dos libros optativos recomendados e este curso comezamos a comprar libros para alumnado con déficit de lectura.

c) **Organizando actividades en grupo como xogos e concursos**, que fomenten a creatividade e sirvan como recurso metodolóxico para crear, nun ambiente lúdico e motivador, interese pola lectura como **alternativa de ocio**. As actividades en grupo, xeran vínculos entre os rapaces, establecéndose condutas de cooperación e, no caso dos concursos, fomenta a competitividade (entre rapaces e rapazas de distinto grupo), impulsándoos a conseguir novos coñecementos.

2. Contribuír a mellorar a súa **competencia na expresión oral e escrita**, empregando en cada caso unha linguaxe axeitada.

3. Prestar unha especial importancia á competencia de **Aprender a Aprender**, propiciando no noso alumnado a adquisición de habilidades no proceso de busca, selección e síntese da información, empregando tanto as fontes tradicionais como as **novas tecnoloxías**. Serán así capaces de adquirir

autonomía e de crear os seus propios materiais e compartilos con toda a comunidade escolar. Nunha sociedade cada vez máis complexa e global, convén preparar ao noso alumnado (máis que na acumulación de contidos na etapa escolar) no uso selectivo da información en contextos cambiantes para afrontar os diferentes retos da vida.

4. **Servir de elemento integrador das actividades e proxectos realizados polos distintos Departamentos Didácticos** con motivo de conmemoracións, traballos de aula, proxectos interdisciplinares, etc.

5. Promover dende a Biblioteca que en todo o proceso educativo primen **valores** como a tolerancia, equidade, igualdade, solidariedade e respecto cara as persoas e tamén cara ao medio ambiente.

6. **Implicar, gradualmente, ás familias e ás institucións públicas e privadas na Biblioteca Escolar.**

d. CLUB DE LECTURA

1. Finalidades:

- Fomentar o hábito lector entendendo este como fundamental para un mellor aproveitamento dos contidos da aprendizaxe e da convivencia.
- Espertar o interese por mirar o libro, por pescudar o que agacha.
- Ver este como algo atractivo e lúdico e, ao mesmo tempo, útil para a realización de traballos e preparación de materias.
- Acceder ao material, tanto en papel como no resto de soportes dispoñibles.
- Mellorar a expresión oral e escrita: a través de lecturas en voz alta, debates, actividades a propósito das lecturas...
- Mellorar a convivencia a través da exposición dos distintos puntos de vista ou enfoques dunha lectura ou filme determinados.
- Traballar as competencias clave.
- Propiciar a comunicación e a necesidade de aprender para participar nas postas en común das lecturas, filmes, etc.

- A finalidade última é non sentir a lectura como obriga, senón como fonte de coñecemento, descubrimento, diversión, convivencia, ...

2. Actividades previstas:

- Uso da Biblioteca Escolar por parte dos participantes no club, non só como ferramenta de información e lugar de traballo senón tamén de disfrute, consulta de novidades editoriais e pescuda nos libros xa existentes na Biblioteca.
- Postas en común co profesorado encargado da Biblioteca para que se ocupe de informalos e formalos nas distintas seccións da mesma e no uso do material que contén.
- Motivación para que se fagan propostas para o mellor uso e disfrute da Biblioteca.
- Dinamización do blog “A Biblioteca do Cervantes” no que difundiremos as actividades do Club de Lectura.
- Elección de textos de lectura.
- “Aproveitamento” das lecturas que se fan na aula para facer suxestións sobre libros que parezan atractivos.
- Propostas de libros en galego que “propicien” a visita aos lugares “reais” que puidesen aparecer na obra.
- Reunións periódicas e postas en común, charlas, ... a propósito do que vaia suxestionando a lectura.
- Reunión con autores que estean dispoñibles para falar das súas experiencias como lectores e como escritores, para provocar no lector/-ra a curiosidade por descubrir o que agochan os libros, ao tempo que respondan ás preguntas ou inquiredanzas que producen a lectura da súa obra.
- Realización noutros soportes (collages, debuxos, dramatizacións,...) das lecturas realizadas. A obra “plástica” dará lugar a exposicións en distintos lugares do centro.
- Intercambios con outros clubs de lectura.
- Realización de actividades de animación á lectura co alumnado de infantil e 1º de PRIMARIA (contacontos, obradoiros de marcapáxinas...)
- Coa colaboración do Departamento de Orientación, presentaremos contos que nos falen de realidades diversas.

3. Forma de organización e funcionamento.

Reunións quincenais de cada un dos grupos, e reunións mensuais dos profesores mediadores coa finalidade de propoñer lecturas e calquera outro tipo de actividades e ir avaliando o funcionamento dos distintos grupos do club.

RADIO ESCOLAR: RADIO CASTAÑA

A idea de poñer en marcha este proxecto xurde do interese do profesorado por reafirmar a función da Biblioteca Escolar como motor de dinamización de tarefas interdisciplinares, que fomenten o traballo colaborativo, non só entre diferentes ámbitos ou materias, senón tamén entre as distintas etapas educativas que temos no noso centro: Infantil, Primaria e Secundaria.

Son ben coñecidos os beneficios pedagóxicos que conleva este tipo de proxectos: mellora da competencia lingüística, fomento da aprendizaxe cooperativa, estimulación das habilidades sociais e do sentido da responsabilidade, entre outras.

No deseño desta experiencia teremos en conta, ademais do carácter lúdico e creativo das actividades que vai motivar, o seu potencial como ferramenta educativa que nos vai permitir traballar e avaliar contidos da nosa práctica docente.

I. Obxectivos

1. Incentivar a comunicación entre toda a comunidade educativa.
2. Impulsar múltiples e diversas actividades didácticas nas que os protagonistas principais van ser os nenos e as nenas.
3. Motivar a creatividade e o interese do alumnado polo seu propio proceso de aprendizaxe.
4. Fomentar o traballo en equipo e a toma de responsabilidades.
5. Empregar as TIC, aprendendo a utilizar a tecnoloxía relacionada coa radio.
6. Crear un espazo presidido polo respecto e a convivencia en igualdade.

II. Calendario de programas

Emisión para o exterior.

- Colaboración con emisora de radio local (Radio Ancares ou Radio As Nogais).
- Programa composto de varias seccións, cunha estrutura determinada, que teña certa continuidade.
- Programa mensual de dez minutos de duración.

Emisión para o centro.

- Temática e estrutura diversa (dependerá das propostas dos diferentes departamentos didácticos e do alumnado).
- Calendario aberto e flexible.

III. Estrutura dos programas

- **Cabeceira.**

A súa composición será dirixida polo Departamento de Música e contará coa colaboración do resto de departamentos.

- **Sección Infantil.**

Os nenos e nenas de educación infantil participarán no programa realizando un podcast sobre algún dos proxectos que estean desenvolvendo na aula.

- **Sección Primaria.**

A aportación de primaria estará coordinada polo Departamento de Música.

- **Sección social e lingüística.**

As propostas nesta sección terán un carácter interdisciplinar e contarán coa colaboración dos Departamentos de Xeografía e Historia e Lingua Castelá.

- **Sección científico-matemática.**

Os Departamentos implicados na redacción desta sección serán o de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía.

Contarán co apoio dos Departamentos de Linguas.

PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

O plan de integración das TIC, é un documento de gran calado e de vital importancia para o presente e o futuro do centro.

Porén consideramos oportuno acadar durante o presente curso, na medida do posíbel, os seguintes obxectivos:

Potenciar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe (aula virtual, Webex...)

Fomentar e asegurar o uso das TIC entre o profesorado na realización das distintas actividades profesionais (programacións, memorias, actividade lectiva...).

Empregar as TIC como unha ferramenta de uso imprescindible en casos de alumnos con necesidades educativas especiais.

Conseguir que os alumnos empreguen a internet con capacidade crítica.

Potenciar a comunicación dos rapaces con outros doutros centros e localidades e co profesorado.

Impulsar a participación de toda a comunidade na web do centro.

Co fin de acadar os obxectivos anteriores propóñense as seguintes pautas:

Poñer a disposición do profesorado todos os recursos informáticos do centro en distintas aulas, distribuídas ao longo do edificio.

Obrigado ao profesorado a presentar os documentos de departamento en formato dixital facilitándolles asesoramento informático.

Obrigado ó profesorado a que se forme no manexo de plataformas e recursos para poder levar a cabo o ensino a distancia.

Empregar na aula de apoio o equipo informático que dispón.

Educar nas distintas materias do currículo na avaliación crítica da información obtida en internet dependendo da fonte.

Facilitar que cada colectivo da comunidade escolar poida colgar información no sitio:

<http://centros.edu.xunta.es/cpicervantes>

PROXECTO LINGÜÍSTICO

O PLC xa estaba recollido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (Artigo 14) e normas posteriores. Este proxecto lingüístico, que forma parte do proxecto educativo de centro, estase a elaborar por parte dunha comisión integrada por profesorado do centro e nel reflectiranse:

- a) As medidas que se adoptarán para a mellora da competencia lingüística do noso alumnado.
- b) Unha distribución lingüística curricular (fóra das materias marcadas no decreto).
- c) Os criterios empregados para determinar a lingua predominante no contorno.
- d) As medidas de apoio e reforzo que garantan os obxectivos de fomento do plurilingüismo segundo establecen a Lei de Normalización Lingüística e a LOMCE.

Realizarase unha análise sociolingüística relativa ao lugar en que está situado o centro educativo. Para dispoñer de datos actualizados manexaranse, entre outros, o Censo de poboación do Instituto Galego de Estatística e sobre todo o Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG). Real Academia Galega. Ademais será imprescindible tamén unha análise do estado actual do centro dende o punto de vista lingüístico para constatar os avances ou retrocesos respecto de cursos anteriores, para saber se imos polo bo camiño ou se se deben tomar medidas que nos permitan conseguir os obxectivos marcados. Para obter os datos necesarios, preparase unha enquisa para a comunidade educativa no que se recollan datos sobre a lingua empregada habitualmente na súa vida cotiá, coa familia, fóra do ámbito escolar, actitudes cara á normalización social da lingua galega, lingua empregada na documentación interna e externa do centro, etc.

Ademais seguiremos as pautas marcadas para a planificación nos centros públicos integrados: o marco legal, a importancia da lingua que predomina no contorno, a plena competencia lingüística, a presenza dos prexuízos lingüísticos e actitudes lingüísticas negativas... Estas pautas están recollidas no libro *A planificación lingüística nos centros educativos*, editado pola Xunta de Galicia, un material que se complementa cunha Guía práctica.

ADDENDA 2023/2024

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

INTRODUCCIÓN:

Segundo o establecido no decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo número 14.3 o proxecto lingüístico do centro deberá ser remitido aos servizos de inspección educativa cada catro anos. Por outra banda e segundo o indicado no artigo 14.4 cada ano os centros educativos deben elaborar unha addenda que se engadirá ao Proxecto Lingüístico do centro, no cal se incluírán entre outros aspectos:

- resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado de educación infantil
- as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais
- as actividades levadas a cabo e propostas para a dinamización da lingua galega
- todo o relativo aos cambios na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación.

Atendendo a estas indicacións e contemplando as indicacións realizadas pola administración ao respecto no presente curso, elaboramos a seguinte “addenda” correspondente ao curso 2023/2024, cos apartados establecidos no decreto do plurilingüismo.

1.-LINGUA MATERNA PREDOMINANTE

Para o coñecemento da lingua materna predominantante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010. Neste senso

levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (3 anos), ao final do curso anterior, na que se explicou a función da enquisa cuberta durante o proceso de matrícula (modelo oficial) para a determinación da lingua materna do alumnado.

Asemade, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recabada esta información nas entrevistas iniciais coas familias. Neste senso tamén temos en conta que, tal como se indicada no proxecto lingüístico do centro, a lingua habitual da contorna é o galego.

O resultado determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado, é o galego nun 99%. Por outra banda a lingua materna predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é tamén o galego nunha porcentaxe similar ao do alumnado incorporado por primeira vez ao centro.

Ante estes resultados, e considerando ademais que o galego é a lingua predominante na contorna, establécese que o galego será empregado como lingua vehicular nas aulas do noso centro, sen perxuízo das indicacións feitas tanto no P.E, na PXA e nas Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.

No tocante á aproximación á lecto-escritura, empregarase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.

Na nosa contorna galego falante o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Consideramos ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua castelá) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta sobre todo na Educación Infantil.

2.-ESTRATEGIAS E ACTIVIDADES CONCRETAS PARA ADQUISICIÓN DA

OUTRA LINGUA: atópanse indicadas pormenorizadamente nas programacións de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto educativo do centro o no propio Proxecto Lingüístico:

- Xogos interactivos que son moi bos para fomentar a comunicación.
- Debuxos e fotos: Ver e comentar cos pícaros, debuxos e fotos de obxectos cotiáns serve para ampliar o seu vocabulario na lingua castelá.
- Contos: Utilizar contos adaptados á idade do neno/a...
- Cancións e retrosos

-Mastigar e sacar a lingua: exercicios de articulación e pronunciación. Tamén se pode xogar a "las visitas de la Sra. Lengua"...

Con respecto ao alumnado de maior idade estase traballando en colaboración coa Biblioteca e o estreado **Club de lectura** no curso pasado, ademais de que intentamos que as actividades complementarias se realicen en ámbolos dous idiomas oficiais, así por exemplo na Xornada contra a Violencia de Xénero elaboramos uns **haikus** que se traballaron nos dous idiomas, pero tamén en inglés e francés.

3.- VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Podemos dicir que en función dos resultados obtidos ao longo destes últimos cursos as iniciativas e actividades realizadas resultaron ser sempre positivas e os resultados obtidos considerámoslos moi satisfactorios tanto por parte do alumnado como do profesorado.

Desgraciadamente no curso pasado por mor do confinamento ao que nos vimos abocados pola pandemia quedaron sen desenvolver accións gratificantes dende marzo ata xuño, mais outras moitas iniciativas non se poderían levar a cabo por razóns económicas (**o noso principal atranco**), de loxística e de tempo, xa que a subvención recibida é moi escasa e o noso centro está situado nunha zona onde as condicións xeográficas, as vías de comunicación, o horario do Centro e incluso as condicións meteorolóxicas etc nos son moi desfavorables. Nestas condicións a oferta cultural, o acceso aos recursos, e mesmo, o tempo de que dispón o alumnado inflúe negativamente nas iniciativas que poidamos tomar ou de facelas resultan moito máis custosas. A dispersión xeográfica é un impedimento á hora de motivar ao alumnado, pois están suxeitos ó horario que marque o transporte, e para todas as actividades realizadas fóra do centro supón un encarecemento importante.

É de salientar e de criticar que xa co curso empezado e con actividades planificadas, resultou desconcertante que todo ese traballo realizado **dentro do curso escolar, pero no ano pasado (de outubro a marzo)**, non puidera ser xustificado, gasto do que evidentemente tivo que facerse cargo o centro.

A organización e planificación das diferentes medidas e actividades correspondeu a este grupo reducido do Equipo de Dinamización Lingüística e contou sempre coa estimable axuda dos xefes/as de departamento e dos titores/as. A participación e implicación de todos os sectores da Comunidade educativa (alumnado, profesorado, Equipo Directivo, persoal non docente, pais/nais etc.) foi moi elevada e todo o realizado tivo moi boa acollida.

Todas as actividades do EDL foron asumidas tamén pola dirección o que supuxo unha implicación determinante na comunidade educativa.

4.-INFORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

As actividades que realizaremos durante este curso estarán condicionadas polo protocolo Covid e moitas delas teremos que reformulalas .Detallaranse polo miúdo no Plan de Dinamización da Lingua Galega que presentaremos en canto saia a convocatoria, aínda así continuaremos con algunhas que son plurianuais e que iremos vendo se as condicións actuais nos permiten facelas:

- ✓ Elaboración de material didáctico en galego.
- ✓ **Celebración, participación e conmemoración** do “25N”, “Día das letras galegas”, “Día da Paz”, “O Medio Ambiente”, ”Día da muller” ...
- ✓ Celebración de **festas tradicionais** galegas: Samaín-Magosto, Nadal, Entroido, Maios...
- ✓ Revisión de libros de texto e de todo o material didáctico en galego usado no centro.
- ✓ Uso da lingua galega nas actividades relacionadas coa Biblioteca Escolar e participación **no Clube de lectura “Os tres rallois”** que se creou no pasado curso.
- ✓ Nas saídas, a lingua vehicular será o galego. O pasado curso estaba previsto facer **un roteiro pola vía XIX** ao seu paso polo concello, en colaboración co IES de Becerreá, pero tivo que ser suspendido por mor da pandemia e retomáremolo este ano en solitario e como é ao aire libre,cremos que non haberá problema.
- ✓ Os **certames literarios** co gallo do “Día do libro” en colaboración con outras institucións, neste caso o Concello de San Román ou do Día das Letras galegas, conmemorando a figura do mestre Carballo Calero.
- ✓ A participación nas actividades do Correlingua na cidade de Lugo estará suxeita aos cambios provocados pola actual situación pandémica.

5.- INCLUSIÓN NO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO:

Esta addenda será incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección nos prazos legalmente establecidos.

San Román de Cervantes

O Director

Coordinadora do EDLG

O Secretario

Pablo Gómez Esqueira

Sabela Pérez Martínez

Óscar Sánchez Díaz

PLAN DE IGUALDADE

Eixo I

-Incorporación transversal da perspectiva de xénero e da igualdade de oportunidades nos distintos documentos do centro

Eixo II

-Desenvolvemento do proxecto vital libre de estereotipos de xénero

Eixo III

-Perspectiva de xénero cara ao éxito escolar, acollendo a diversidade (lingüística, étnica, socio económica, sexual...)

Eixo IV

-Respostas afectivo sexuais sanas, armónicas e tolerantes coa diversidade

Eixo V

-Revisión das relacións abusivas de poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais

Eixo VI

-Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica a violencia de xénero.

O responsable do Plan de Igualdade é o director do centro.

- Obxectivos

Eixo I

-Documentación organizativa dos centros

-Revisión de materiais didácticos

-Revisión do plan de convivencia. Actuacións en casos concretos de condutas contrarias a convivencia por razón de sexo

Eixo II

- Posta a disposición dos centros de recursos, estratexias, materiais, encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados libres de roles de xénero
- Participación de axentes sociais diversos
- Actuacións de sensibilización dirixidas a comunidade educativa
- Traballo en rede e visibilización das boas prácticas

Neste curso está moi presente o tema da igualdade. Levamos a cabo un traballo nas titorías e tamén ímolo abordar a través do plan director, talleres e charlas.

Pretendemos difundir todo este traballo a través das Tics a través da web na que os alumnos/as e os profesores/as difundan todos os traballos e actividades desenvolvidas.

Abordaremos os seguintes contidos. Algúns deles xa os traballamos ao longo deste primeiro trimestre. Coincidindo coa data do 25 de novembro abordamos o problema da violencia de xénero, identificando as tres vertientes: psicolóxica, física e sexual. Igualmente fixemos actividade relacionadas coa detección dos primeiros indicios e sinais de alerta nas relacións afectivas dos adolescentes. Realizamos un mural no que os alumnos plasmaron lemas e mensaxes para a celebración do 25 de novembro.

Eixo III

- Facilitar modelos profesionais diversos que rompan roles de xénero

Análisis de ponencias de mulleres emprendedoras en distintos campos profesionais. Podemos empregar como referencia os vídeos do programa Orienta T de Junior Achievement

- Fomentar a través de escolas de nais e pais e outros axentes educativos a potenciación de talentos personais en pe de igualdade

-Elaboración e posta a disposición dos centros educativos de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectivo sexual dende o respecto a diversidade e según un proxecto de vida libre e saudable.

- Difusión de vídeos da realidade transexual e tamén outros relacionados co colectivo de LGTBI

Eixo IV

-Elaboración e posta a disposición dos centros de material para a abordaxe da educación afectiva sexual desde o respecto a diversidade e a elaboración dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.

-Colaboración con axentes socioeducativos para a abordaxe integral da saúde afectivo sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa.

Temos previstas todos os anos charlas da cruz vermella sobre distintas temáticas.

Eixo V

- Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero
- Análisis de textos no que se explique os distintos tipos de violencia de xénero. -Perfil do maltratador e da maltratada. Como se produce o ciclo da violencia de xénero. Falsas crenzas sobre os malos tratos á muller. Como empezan os malos tratos? Como detectalos...
- Inclusión no plan de convivencia a prevención e detección de condutas como control, acoso e abuso
- Actividades de sensibilización, información, formación e intervención en ambientes de socialización cibernético.
- Análisis da guía da xunta de Galicia sobre ciberacoso. Estudio de casos sobre dereito a privacidade e difusión de imaxes
- Información sobre diversidade de xénero e afectivo sexual.

Eixo VI

- Implantar programas de detección de condutas perxudiciais
- Aplicación de cuestionarios entre os/as nosos /as alumnos/as que detecten relacións tóxicas
- Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta as necesidades do centro
- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes e actitudes que actúen a favor da violencia por razón de xénero.

Protocolo prevención e actuación sobre a conduta suicida

Actuacións do profesorado

- Avaliación dos factores de protección e risco.

Titoría

- Creación dun clima de convivencia positiva.
- Transmitir valores como a autoestima.
- Traballar a atención a diversidade.
- Traballar as competencias emocionais, escoita activa, expresión de sentimentos.
- Rede de supervisión de apoio entre iguais.
- Estratexias de tolerancia 0 co acoso e co ciberacoso.
- Establecer actividades de resiliencia e de superación do stress.

Actuacións do equipo directivo

- Dinamizar a inclusión deste protocolo dentro do plan de convivencia.
- Nomear a un profesor de referencia con empatía co alumno.
- Coordinación do profesorado, titoría e profesionais externos.
- Facilitar a aplicación de programas de educación para a saúde.

- Aplicar protocolo de prevención de acoso e ciberacoso.
- Expoñer os teléfonos dos profesionais de referencia

Alumnado

- Buscar apoio entre o profesorado de referencia.
- Comunicar de forma rápida e confidencial as sinais de alarma.
- Participar na rede de apoio de axuda mutua entre iguais.
- Mellorar coñecementos e actitudes relacionados coa depresión e o suicidio.
- Formar estudantes líderes que faciliten cambios de conduta nos seus compañeiros.

Familias

- Colaborar co centro educativo, especialmente co profesor tutor e orientador.
- Utilizar un estilo educativo familiar asertivo que integre normas diálogo e autonomía.
- Manter unha actitude de comunicación cara ás inxerencias e dificultades dos seus fillos.
- Comunicar ao profesor tutor, orientador ou equipo directivo situación de risco para o seu fillo. - Coordinar a canle de transmisión da información dos profesionais de educación, sanidade e servizos sociais que realizan a intervención.

Prevención secundaria

- Intervención do departamento de orientación.
- A intervención ten que ir precedida dunha solicitude escrita procedente dos ámbitos escolar ou familiar, según o modelo que o departamento de orientación teña establecido no seu plan de atención a diversidade
- A persoa que realiza a solicitude debe especificar o motivo (elementos de alarma que se produciron). Salvo que a solicitude xurda da familia, esta debe contar coa autorización escrita da nai, pai ou persoas titoras legais ou gardadoras da alumna/o.

Avaliación psicopedagóxica

O orientador informará a familia dos resultados facendo fincapé nas necesidades específicas dos distintos ámbitos e na importancia da coordinación cos servizos sanitarios e sociais

Se o orientador identifica unha situación de risco, de sufrimento psíquico ou desesperanza, comunicará a familia e a dirección do centro educativo, xunto coas propostas de intervención e posible derivación aos servizos sociosanitarios. Si o alumno cambia de centro este informe será incorporado ao seu expediente académico.

Derivación e coordinación cos servizos sanitarios e servizos sociais

Cando o departamento de orientación do centro educativo e/ou o equipo de orientación específico consideren necesaria a intervención de saúde mental, informará á familia, entregándolle o modelo de

coordinación educación-saúde mental debidamente cumprimentado acompañado do informe psicopedagóxico ao/á médico/a pediatra ou médico de familia para que valore a posible derivación do alumno/a ao servizo de saúde mental correspondente. Nas sucesivas consultas en saúde mental manterase este intercambio de información entre educación e sanidade, a través da familia.

En casos de conduta de alto risco autolítico, o mais aconsellable e avisar a familia e demandar a intervención dos servizos de urxencia correspondentes (061 ou 112)

-Intervención do EOE

Os especialistas de trastorno de conduta do EOE de carácter provincial realizarán unha visita o centro educativo onde se realizarán estratexias de avaliación cualitativa como: partes de incidencia, entrevistas, probas, reunión co orientador, equipo directivo e equipo docente para unificar as estratexias de intervención.

Prevención terciaria: Intervención educativa no intento autolítico

O equipo educativo debe comentar a tentativa de suicidio a familia e a inspección educativa e ponerse en contacto co 061 ou 112 segundo o establecido no protocolo de urxencias sanitarias.

Solicitarase se o orientador e o equipo educativo o consideran a intervención do EOE

Priorizaráanse as actuacións urxentes sobre os trámites burocráticos. Si o profesorado é coñecedor dunha carta de despedida a través dun alumno poñerase inmediatamente en contacto coa familia para derivalo ao servizo de saúde mental que emitirá o informe que logo a familia deberá presentar no centro educativo.

Estratexias de intervención:

-Manter unha vixilancia e supervisión continua por parte do profesorado (aula, desprazamentos e recreos) para garantir a seguridade e integridade do alumno tanto nas actividades académicas como nos tempos de lecer.

-Non deixalo só involucrando ao personal docente, amigos/as e outros compañeiros. Calquera incidente relevante será comunicado ao docente titor, ao/a orientador/a e ao equipo educativo.

-Seguir as instrucións dos servizos de saúde mental no tocante ao apoio e seguimento.

-Limitar o acceso a posibles medios lesivos: retirar materiais perigosos, facer os corredores e escaleiras o máis seguros posibles, asegurar as ventás limitando a apertura, reducir o acceso a substancias químicas ou medicinas.

-Adaptar a metodoloxía e criterios de avaliación para favorecer o éxito do alumno.

-Darlle mais tempo nas avaliación, completar oralmente as preguntas sen contestar nos exames escritos, realizar as probas en momentos e lugares diferentes ao grupo de referencia.

-Amosar empatía e comprensión por parte do profesorado para previr as emocións negativas de fracaso e ansiedade diante de situación escolares, coordinados polo docente nomeado como referente, que teñan maior confianza e empatía co/a alumno/a

-Algunha das persoas mediadoras do centro poderá actuar como referente deste alumnado

-Traballar na tutoría e departamento de orientación co alumno e compañeiros aspectos de intelixencia emocional: recoñecer as emocións propias e dos compañeiros, asocialas as súas manifestacións físicas e conductuais e saber pedir ou ofrecer axuda.

-O profesor/a titor/a organizará un grupo de apoio entre iguais, cos alumnos de clase mais empáticos, para que o acompañen e axuden tanto académica como socialmente.

-Toda a clase colaborará na tutoría entre iguais, comunicándolle ao/á profesor/a titor/a, orientador/a ou equipo directivo calquera incidencia de importancia que observen na conduta do/a alumno/a

-Autorizar momentaneamente a saída da aula diante de situación de tensión, sempre baixo a supervisión do profesorado, e seguindo os protocolos de derivación e xestión de espazos previstos nas NOF e no Plan de Convivencia.

-Considerar a posibilidade de reducir a cantidade de tarefas que deben realizar na clase ou na casa, dada a súa vulnerabilidade ao estrés.

Para mellorar as habilidades sociais procuraremos utilizar un sistema de apoio entre iguais tanto dentro da aula como nos recreos, para evitar calquera tipo de marxinação ou acoso

A hora de facer equipos de alumnos, asegurarse de que non quede só/soa (sen grupo) o/a alumno/a implicado/a.

-Consensuar co grupo aula normas de convivencia e antiacoso para crear un clima de convivencia positivo no grupo que favoreza o apoio e solidariedade entre iguais.

-Utilizar unha axenda escolar para mellorar a súa organización e o rendemento académico coa sinatura diaria do/a profesor/a e dos proxenitores.

-Facer unha supervisión a nivel individual das instrucións, comprensión, realización e finalización das tarefas escolares.

-Fomentar unha participación activa na aula, aproveitando os seus intereses.

-Tomas as medidas mais oportunas de prevención e intervención diante de posible acoso escolar. -

Facer contención de condutas disruptivas, utilizando gradualmente as seguintes estratexias: evitar a confrontación e recriminacións en público, buscar sempre o reforzo positivo, corrixir en privado e felicitar en público, premiar condutas alternativas positivas -Utilizar estratexias para mellorar a motivación e autoestima

-Unificar criterios de actuación entre centro docente e familia

-Realizar entrevistas frecuentes entre alumno, orientador e familia

-Facilitar a súa participación en actividades complementarias ou extraescolares para diversificar os seus intereses

-Contemplan a posibilidade de cambio de aula ou grupo

-Promover a coordinación entre familia e servizos sociosanitarios sempre coa expresa autorización da familia.

Posvención: Elaboración do proceso nos centros educativos.

-Os compañeiros, o equipo educativo e os proxenitores teñen que ser informados do suicidio. -A intervención do equipo de orientación específico de ser solicitada producirase sempre de xeito indirecto.

-A comunidade educativa e cada un dos seus membros teñen que elaborar un proceso de dó.

Existen equipos especializados que como o Grupo de Intervención Psicolóxica en -Catástrofes e Emerxencias

Estratexias xerais.

O centro educativo debe atender canto antes as necesidades do alumnado. Os profesores deben acoller, escoitar e compartir os sentimentos e emocións dos compañeiros.

Os contornos familiar e escolar deben retomar canto antes a normalidade.

Os nenos e as nenas teñen capacidade para superar o proceso de dó. É preciso abrir as comportas a comunicación. A verbalización de sentimentos e ideas axuda a avanzar neste proceso.

A resposta educativa debe ser personalizada e co grao de diversificación que requira cada caso. É necesario levar a cabo unha observación sistemática e apoio do alumnado. Percorrido polas distintas fases: shock, protesta, desesperanza, reorganización...)

Se algún alumno non evoluciona favorablemente debe avisarse a familia para valorar a derivación a través da derivación do médico de familia a unidade de saúde mental.

O centro pode posteriormente, priorizar contidos e programas formativos adaptados as distintas etapas relacionados cos valores positivos da autoestima, competencias sociais, solidariedade, redes de apoio entre iguais, actitudes cara a depresión...

Protocolo identidade de xénero

A fundamentación deste protocolo está baseada na lei 2/2014 que garante a igualdade de trato e combate calquera discriminación por motivo de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual. No plan de convivencia os centros deberían adaptar as medidas que consideren oportunas para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa.

Méidas e actuacións Comunicación aos centros

Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, no caso de menores de idade non legalmente emancipados, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha

identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.

Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Cando os servizos de saúde realicen a valoración neste senso dunha persoa menor de idade escolarizada, a través da familia e co seu consentimento, poderá remitir ao centro educativo aquela información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

Os departamentos de orientación

Cando os departamentos de orientación reciban a través dun alumno/a ou dos seus representantes legais, polo menos uno dos dous, sin que haxa oposición ou obxeción por parte do outro, dunha situación de identidade de xénero diferente da asignada no nacemento, facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:

-A comunicación da situación a dirección do centro para activar as medidas que sexan procedentes en cada caso

-Aqueles recursos sociais e sanitarios que estean ao seu dispor, no caso que a familia ou persoa interesada precise axuda nese ámbito.

Así mesmo o departamento de orientación elaborará un informe psicopedagóxico coas medidas de atención a diversidade precisas así como outras medidas en consonancia co establecido no plan de convivencia.

Se é o menor o que pon en coñecemento do centro a situación sin que a familia sexa coñecedora, será o centro educativo o que lle facilite acceso e mediación na comunicación coa familia, así como acceso aos recursos sociais e sanitarios que precise.

Cando na actitude da familia, representantes legais ou outros membros da comunidade educativa se detecte actitude de maltrato cara a identidade de xénero de/a menor, activaranse as medidas recollidas no plan de convivencia e se fose preciso as medidas recollidas no protocolo contra o maltrato infantil.

Os responsables da orientación no centro, xunto co profesorado adoptarán as medidas de información e formación que consideren oportunas.

Sen prexuízo da aplicación inmediata das medidas anteriores, os responsables da orientación no centro, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para garantir a igualdade, a non

discriminación e a liberdade de identidade de xénero. A información e formación dirixidas á comunidade educativa coa finalidade de que o/a menor poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual.

Establecemento das medidas de atención as necesidades do menor

Se calquera membro do personal docente obseva condutas por parte do menor que poideran indicar unha identidade sexual que non se correspondese coa asignada ao nacer, haberá unha xuntanza entre os pais ou titores, o alumno, o equipo directivo e o departamento de orientación.

Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo e elaborado o informe psicopedagóxico a dirección do centro, o/a titor/a e o departamento de orientación establecerán unha reunión cos representantes legais para facilitar as medidas de apoio educativo a adoptar que serán recollidas no plan de convivencia do centro. Unha vez establecidas estas medidas, daráselles traslado do seguinte xeito:

A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestión de relevancia para o exercicio das súas función.

En reunión do claustro comunicaranse a este todas aqueles medidas que afecten o total de docentes do centro

A secretaria do centro por delegación de dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao personal non docente.

Recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio.

Con independencia de todas aquelas medidas e actuacións que se deriven da avaliación psicopedagóxica e da coordinación mencionada, establécense as seguintes recomendacións xerais: De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.

A comunidade educativa dirixirse ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco. Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se

sente identificado cando existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.

Garantirase o seu dereito a elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio, incluídos os uniformes escolares, se procede.

Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.

En todo o proceso actuarase de acordo co dereito á privacidade e honra do estudantado e de todos os membros da comunidade educativa.

Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme o sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevivir, observarse o acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

Medidas para a información e formación da comunidade educativa

Co obxecto de facilitar o traslado de información e concienciación sobre unha situación de identidade de xénero que non coincide coa asignada no nacemento, especialmente naqueles casos nos que se produce unha transición patente para a comunidade educativa, realizaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa. Ademais establécense as seguintes recomendacións xerais:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Realizar actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e orientadoras e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- A través da Rede de Servizo de Formación Permanente do Profesorado facilitarase a realización de accións formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a realidade das persoas

trans, mediante a utilización de todos os recursos previstos no plan anual de formación do profesorado e con atención especial ás Escolas de Nais e Pais.

Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero

Tal e como recolle a normativa na materia, os plans de convivencia dos centros recollerán o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual. No caso de detectarse, actuarase segundo o previsto nos ditos protocolos.

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

-PLAN DIXITAL - Obxectivos para o curso 2023/2024

- **Obxectivo 001PD:** *"Non pagar por comisións bancarias ao usar a banca electrónica"*, no que se refire á conta da CAIXA RURAL.
- **Obxectivo 002PD:** *"Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado para analizar a fiabilidade da información"*, a súa finalidade será fomentar un mellor uso da tecnoloxía dixital, respectando a privacidade e as autorías.
- **Obxectivo 003PD:** *"Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características"*, impulsará a implantación de proxectos de innovación dixital, dentro do ámbito educativo, que teñan un impacto no entorno próximo dos centros de ensino e en toda a comunidade educativa. Como exemplo sería a participación no Congreso Científico da Montaña.
- **Obxectivo 004PD:** *"Difundir os polos creativos, recompilar manuais e experiencias, e organizar espazos"*, facilitará a investigación e a innovación educativa apoiada nas tecnoloxías.
- **Obxectivo 005PD:** *"Protección da Saúde e do Benestar"*, búscase obter capacidades á hora de evitar riscos para a saúde tanto física como mental no uso das tecnoloxías dixitais.

Esta PXA foi aprobada en Consello Escolar o día 20 de outubro de 2023.